

INFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

CICLO ACADÉMICO

2013/14 - 2019/20

ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	PD en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostible e Implicacións Ambientais
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Bioloxía, Facultade de Ciencias do Mar, Facultade de Enxeñería Forestal, Facultade de Ciencias, Misión Biolóxica de Galicia (CSIC)
CÓDIGOS ISCED	42; 443; 421; 422; 62; 629; 850
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013/14
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	11/12/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

Validado pola Comisión de Calidade da EIDO da Universidade de Vigo o día 21 de maio de 2021

Aprobado pola CAPD do programa o día 3 de maio de 2021

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa xurdiu como unha adaptación dun programa preexistente, aproveitando os cambios normativos para fortalecer o programa e facelo máis amplo e ao mesmo tempo especializado, tanto no que respecta ás liñas de investigación como no que respecta aos participantes. Os puntos fundamentais foron a ampliación de equipos, incluíndo varias áreas de coñecemento novas e a ampliación das existentes, a intensa colaboración coa Misión Biolóxica de Galicia (C.S.I.C.), e a incorporación de novos centros nos que se desenvolve investigación de temáticas relacionadas. Orixinalmente, o Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo da Universidade de Vigo dispuso dun programa de doutoramento con título idéntico ao programa actual "Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais" que obtivo a mención de calidade. Neste programa xa participaban a meirande parte dos investigadores que participan no programa actualmente en vigor, e incluso algúns dos investigadores que, non estando actualmente no programa, se incorporaron agora. Por último, tamén se incorporaron novos investigadores que nunca participaran nas propostas anteriores. Tanto no caso dos investigadores que xa participaban como no caso dos novos mantivéronse os mesmos criterios esixentes de selección por curriculum vitae investigador. O programa actualmente en vigor, con título idéntico a esta proposta "Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais" obtivo a mención cara a excelencia, según BOE do 20 de outubro de 2011 (MEE 2011-0601) de resolución de 6 de outubro de 2011, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se concede a Mención hacia a Excelencia aos programas de doutoramento das universidades españolas. Como se pode observar no indicador IPD1 o programa xurdiu cunha oferta de 20 prazas que dous anos despois de arrancar baixou a 18 para adaptarse mellor á demanda do programa. A día de hoxe seguemos a ofertar o mesmo número de 18 prazas que non se soen cubrir por completo, aínda que o número de pre-inscritos (IPD2) anda a rondar ese número.

A meirande parte dos profesores participantes no programa, incluíndo tanto os da Universidade de Vigo coma os do CSIC, teñen sexenio vivo (sete deles teñen ademais sexenio de transferencia), e as súas liñas de investigación están activas. Presentan ademais financiamento competitivo e están a producir resultados relevantes, como se pode apreciar nas evidencias aportadas EPD21 e EPD24. Como exemplo, o número de artigos JCR do primeiro cuartil por ano é maior que o número de profesores incluídos no programa. Por outro lado, e tal e como se pode observar na evidencia EDP21 (táboa 3), o número de proxectos de investigación activos é altísimo, sendo 90 nos tres últimos anos avaliados. Destes 90 proxectos, 16 son proxectos internacionais e 47 estatais (varios deles de convocatorias estranxeiras), o que asegura o financiamento e o correcto desenvolvemento das teses incluídas en calquera das seis liñas de investigación do programa, xa

que en todas elas atópanse proxectos de investigación activos, con 12 proxectos na liña 1, 31 na liña 2, 32 na liña 3, 27 na liña 4, 7 na liña 5 e 25 na liña 6. Por outro lado, se tomamos en consideración as contribucións das teses lidas nos cursos que se avalían (EPD24, táboa 5), o resultado suxire unha moi elevada produción científica, cun total de 126 artigos JCR entre os 18 doutores egresados do programa ata o día de hoxe (16 no período avaliado), o que dá unha media de 7 publicacións JCR por tese e estudante. Os proxectos activos dos profesores do programa, así como as contribucións dos estudantes egresados demostran que os estudantes formados obteñen unha moi boa suficiencia investigadora en campos de traballo que están a ser punteiros na investigación a nivel autonómico, estatal e internacional. De feito, a meirande parte deles (15 de 18) segue a traballar en temas relacionados co PD ETUSIA unha vez rematada a tese.

Por outro lado, o 90% das teses lidas teñen acadado a máxima cualificación, sobresaliente *cum Laude*, e máis da metade obtiveron mención internacional, de xeito que podemos afirmar que os expertos que as avaliaron atoparon que as teses son relevantes e están actualizadas segundo os requirimentos do campo científico correspondente. Por outro lado, o perfil de egreso dos estudantes do programa axústase á disciplina na que se enmarca o mesmo, e proba disto é que a meirande parte dos doutores e doutoras do programa seguen a traballar en aspectos relacionados cos ecosistemas terrestres, os usos sostibles e as implicacións ambientais, tal e como se pode comprobar no IPD20.

Convén tamén reflectir que nas instalacións nas que traballan os grupos que participan neste programa atópanse tódolos equipamentos necesarios para o desenvolvemento experimental de numerosas técnicas de alto nivel, incluíndo as tecnoloxías facilitadoras correspondentes á bioloxía molecular e a nanotecnoloxía.

Os cambios desenvolvidos no programa co fin de actualizalo e adecuar a evolución dos profesores do programa á formación dos/as doutorandos/as, e en particular a redución das 12 liñas de investigación previstas na memoria orixinal ás 6 liñas actuais, non alteraron de ningún xeito o nivel 4 do MECES, permitindo a actualización do programa no marco da disciplina na que se desenvolve.

Grupos de investigación relacionados co programa e relación cos centros de investigación da universidade:

No tocante á imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade, o campo xeral de investigación está reflectido no documento aprobado polo Claustro sobre estratexia e política investigadora da Universidade de Vigo, no que se inclúen os campos prioritarios, e que se pode consultar na seguinte ligazón: <https://www.uvigo.gal/investigar/idi-uvigo/estratexia-investigadora>.

Ademais, os participantes están incluídos nos centros estratéxicos de investigación promovidos pola Vicerreitoría de Investigación, como poden ser o Campus Auga e o Campus do Mar, así como no Cluster de Investigación e Transferencia Agroalimentario do Campus Auga (CÍTACA). É relevante sinalar que este campo de investigación reflicte no ranking de Shanghai os mellores resultados de todo o Sistema Universitario de Galicia.

Ademais, a Universidade ven de prorrogar o convenio para o establecemento da unidade asociada co CSIC-Misión Biolóxica de Galicia, co que se pretende incrementar a participación con este centro de investigación, que contribúe de xeito moi importante á investigación agrobiolóxica. Froito desta colaboración é o feito de que xa se matricularon no programa do doutoramento ETUSIA 6 estudantes procedentes desta institución, 3 dos cales xa remataron a súa tese de doutoramento con moi bos resultados.

Valor do programa na estratexia galega, nacional e europea de I+D+i:

No que se refire á estratexia de investigación e innovación RIS3 de Galicia, o programa ETUSIA atópase incluído en dous dos tres retos sectoriais establecidos; isto é o reto 2 'Alimentación, Agricultura, Pesca e Biotecnoloxía', sendo forte na meirande parte das temáticas incluídas no mesmo; e o reto 3 'Energía, Medio Ambiente e Servizos' de grande e crecente importancia no futuro a curto, medio e longo prazo. No RIS3 establécense 3 retos de futuro para Galicia, estando o programa ETUSIA especialmente involucrado no primeiro deles 'Reto 1. Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación', xa que os traballos de investigación desenvolvidos no noso programa poden cimentar a base para conseguir a

modernización dos sectores tradicionais galegos, mellorando o uso de recursos endóxeos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido, como as teses de Olalla López Fernández, Hugo Martínez Cordeiro, Alfonso Rodríguez Vila, Carolina González Puig, Ana López Malvar, María Pardo Muras, e outras, que se poden consultar na evidencia EDP23 (táboa 4), e nas que se estudou, entre outros, o uso da vermicompostaxe nos viñedos, a utilización de residuos forestais para o control de malas herbas, o uso de emendas orgánicas para a recuperación de solos contaminados, ou a detección de pesticidas nos alimentos. Tódalas teses defendidas en ETUSIA contribúen a lograr a innovación sobre a que Galicia ten que desenvolver a súa estratexia de crecemento produtivo.

No que respecta á 'Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027', destacar que entre os seus obxectivos clave atópanse varios nos que o programa de Doutoramento ETUSIA está a desenvolver a súa actividade, como é situar a ciencia, a tecnoloxía e a innovación como eixes clave na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da "Agenda 2030". A EECTI orienta a planificación dos seus programas de I+D+I cara os pilares de desafíos mundiais e Competitividade industrial do Programa Horizonte Europa, establecendo 6 liñas estratéxicas nacionais. O Programa de Doutoramento ETUSIA atópase plenamente incluído na liña estratéxica 6 "Alimentación, Bioeconomía, Recursos Naturales y Medio Ambiente". Proba dos logros desenvolvidos polos investigadores do programa no marco da estratexia de investigación estatal é o elevado número de proxectos estatais concedidos nos últimos anos a profesores de ETUSIA, estando a meirande parte deles enmarcados nas temáticas da liña estratéxica 6.

Por último, comentar que este Programa de Doutoramento atópase inmerso na investigación orientada á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da "Agenda 2030" da Asemblea Xeral das Nacións Unidas (ONU) e especialmente no 'European Green Deal', que busca converter a Europa no primeiro continente sen influencia no clima para o 2050. De feito, a meirande parte dos 16 proxectos internacionais dos que disfrutaban os profesores do programa ETUSIA (EDP21) están orientados cara a ese desenvolvemento sostible, como o número 10, que busca variedades de cultivo para a agricultura orgánica; o número 30 e o número 37 que buscan que os cultivos sexan máis tolerantes ao estrés, un punto especialmente importante no clima que ven; ou o número 53, que busca a adaptación costeira ante o cambio climático para aumentar a resiliencia, entre outros.

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso dos doutorandos é coherente coas liñas ofertadas no programa, e de feito, tódalas liñas de investigación do programa teñen estudantes matriculados nas mesmas, tal e como se pode observar no IPD13. As liñas de investigación do programa reorganizáronse e simplificáronse o curso pasado para reflectir de xeito máis acaído os cambios que se produciron nas mesmas desde a posta en marcha do programa, pasando de 12 na memoria inicial a 6 na actualidade. Neste momento, os/as doutorandos/as que ingresan no programa están incluídos/as nunha liña de investigación na que está o seu titor, director ou directores de tese, que conta con financiamento competitivo (asegurando a dispoñibilidade material de axuda para o desenvolvemento da tese), e que está a producir en tódolos casos uns resultados de investigación relevantes (cunha media superior a sete publicacións JCR por tese, maioritariamente no primeiro cuartil). Observando os datos actuais pódese comprobar que as liñas de investigación incluídas no programa contan cun ou máis estudantes matriculados. Deste xeito, obtívose con éxito a acción de mellora plantexada no plan de seguimento da necesaria reformulación das liñas de investigación, dando a mesma por pechada.

Comentar que o perfil de ingreso dos estudantes matriculados en ETUSIA adaptouse aos requirimentos do programa (IPD12), o que non fixo necesaria a realización de complementos de formación para seguir as actividades obrigatorias do mesmo nin para o correcto desenvolvemento da tese, se ben a CAPD, dentro do mecanismo implantado para tal fin, estudou cada un dos currículos dos solicitantes antes de dar o visto bo á matrícula dos mesmos. O número de estudantes matriculados a tempo parcial (IPD8) viuse incrementado nos últimos anos en detrimento dos estudantes matriculados a tempo completo, o que semella estar relacionado coas dificultades do alumnado para atopar financiación que lles permita dedicarse en exclusiva á realización do doutoramento, tendo que compaxinar a tese con outros traballos a tempo parcial. Unha consecuencia do baixo número de bolsas é que cada curso a porcentaxe de estudantes de ETUSIA que entran con bolsa predoutoral non pasa do 30% (IPD11), tendo que ser o resto dos alumnos contratados con cargo a proxectos, ás axudas dos grupos de investigación ou incluso autofinanciados por eles mesmos.

Resaltar tamén a capacidade de mobilidade dos estudantes de ETUSIA (IPD9), xa que ao redor do 35% fixeron estadias autorizadas pola CAPD cada ano, cunha clara baixada no curso 2019/20 reflexo da situación xurdida coa pandemia da covid-19 que limitou a mobilidade de tódolos alumnos do programa. Esta situación séguese a dar, de feito, xa que algúns países xa non admiten estadias de estudantes que non estean vacinados, o que complica a mobilidade do alumnado de doutoramento.

Aínda que o número de estudantes matriculados no programa (IPD4) ten unha tendencia crecente nos últimos anos, o número de potenciais directores de tese incluídos no programa fai pensar que estamos a desperdiciar oportunidades de realización de teses, polo que se incluíu no informe de seguimento unha proposta no plan de mellora na que se plantexaban charlas nos másteres da Universidade de Vigo sobre o noso programa de doutoramento e a elaboración dun tríptico e de cartéis coa información básica do programa. Este tríptico foi enviado a moitas universidades españolas e estranxeiras (especialmente latinoamericanas), e a partir do curso 2018/19 fíxose unha campaña de promoción externa ao programa, pero tamén interna, co fin de potenciar e motivar aos profesores do programa para que dirixan teses de doutoramento que permitan incrementar o alumnado matriculado en ETUSIA, especialmente nas liñas máis deficitarias. Os IPD2 e IPD3 amosan o éxito desta campaña. Así mesmo, o IPD5 no que se relacionan os estudantes procedentes doutras universidades amosa que a porcentaxe destes estudantes no programa, non só se recuperou no curso 2019/20 senón que ademáis medrou chegando a alcanzar un 40% do total, sendo na súa maioría mulleres. A publicidade feita de ETUSIA nótase, así mesmo, no número de estudantes estranxeiros matriculados no programa, que se ben nunca foi moi alto recuperou valores iniciais no último curso avaliado pasando do 10% do total (IPD6). A meirande parte dos estudantes estranxeiros matriculados proceden de países iberoamericanos, o que semella estar relacionado coa forte campaña de promoción do programa realizada nestos países e polas redes de colaboración que varios/as profesores/as do programa teñen con latinoamérica. Agardamos que a publicidade feita en organismos internacionais permita incrementar este número nos vindeiros cursos.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Comisión Académica asigna un titor a cada un dos doutorandos no momento inmediatamente posterior á súa aceptación no programa. A meirande parte dos doutorandos recibe na mesma data a asignación do director de tese. Isto ven asegurado porque antes da aceptación do doutorando se fai unha asignación, ben

sexa por acordo entre o doutorando e o/s director/es da tese, ben sexa porque o doutorando pide que se lle asigne en función do seu interese por unha ou varias liñas de investigación do programa; neste segundo caso, a coordinadora ofrece a tódolos directores e directoras presentes nesa liña de investigación dirixir unha tese ó novo estudante e conséguese un acordo antes dos tres primeiros meses.

O documento de supervisión do doutorando achégase como compromiso asinado polo director ou directores de tese, o doutorando e o titor, e apróbase pola Comisión Académica. Esta aprobación supón a aceptación das boas prácticas na realización da tese de doutoramento que obrigan tanto ó doutorando, coma o director ou directores (https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-03/Guia_boas_practicas_direccion_teses.pdf). A guía de boas prácticas para a dirección de Teses de Doutoramento (aprobada pola Comisión permanente da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo, na súa sesión do 20/05/2016), establece unha serie de recomendacións, tanto para o programa de doutoramento como para os directores e titores e para o alumnado que no programa de doutoramento ETUSIA tomamos como base e referencia para facer o seguimento do alumnado. É por isto que dende o program de doutoramento ETUSIA nos comprometemos a:

- Asegurar que o/a estudante teña acceso aos recursos, ás facilidades e aos equipos axeitados para o desenvolvemento do seu proxecto de tese de doutoramento.
- Actuar como enlace entre o alumnado, os/as directores/as de teses e a EIDO co fin de monitorizar os progresos dos/as estudantes, apoiar aos/ás directores/as de teses e mellorar a experiencia na formación investigadora do/a estudante.
- Dispor de toda a información referente ao programa de doutoramento actualizada na páxina web do programa de doutoramento.
- Garantir a imparcialidade das comisións que avalíen os documentos e procedementos requiridos polo programa (documento de actividades, plans de investigación, avaliacións anuais), respectando en todo caso o compromiso de confidencialidade dos informes e escritos suxeitos á revisión.
- Gardar rexistro das actividades e reunións relevantes.

A valoración anual do plan de investigación e do traballo realizado lévase a cabo cada ano ante un tribunal constituído por profesores do programa que actúan como delegados da Comisión Académica, habendo sempre polo menos 2 membros da propia Comisión Académica. A avaliación anual lévase a cabo mediante unha exposición oral do traballo desenvolvido polo doutorando ou doutoranda ao longo da súa tese, e polo traballo que planifica desenvolver no curso seguinte. A esta exposición oral están invitados tódolos docentes do programa así como os outros doutorandos matriculados, permitíndoselles que fagan as preguntas necesarias ao doutorando avaliado. Aínda que se admite a exposición en galego ou castelán dos traballos desenvolvidos, anímase aos alumnos e alumnas a facer a súa exposición en inglés.

Por outro lado, a validación das actividades obrigatorias segundo a memoria do programa faise por parte de Comisión Académica. En moitos casos, a meirande parte das actividades obrigatorias complétanse de xeito directo a través das catro actividades oficiais organizadas cada ano para os doutorandos de primeiro ano (dúas actividades) e de tódolos anos (outras dúas actividades adicionais). Estas actividades son avaliadas segundo control de asistencia, realización de actividades e respostas a preguntas plantexadas nas mesmas (EPD4) que permiten supervisar a boa implicación ods estudantes no programa. En todo caso, moitos dos doutorandos seguen algunhas destas actividades máis dunha vez ó longo do período formativo. O resto de actividades precisas (envío dun artigo a unha revista, estadía no estranxeiro si o doutorando acada unha bolsa) valídanse a través da aplicación correspondente en función dos datos presentados ante a Comisión Académica. No caso das estadias noutros laboratorios, a Comisión Académica valora antes da realización a súa idoneidade, para o que dispón do informe dos directores da tese e da información do centro de destino. O documento das actividades realizadas polos doutorandos é avaliado primeiro polo perfil autorizado (que soe ser na meirande parte dos casos o director, se é profesor do programa, ou o titor) e despois é avaliado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD).

Finalmente, a tese presentada recibe unha primeira valoración formal por parte da coordinadora do programa, sendo finalmente avaliada pola Comisión Académica antes de seren entregada para a súa tramitación na Escola Internacional de Doutoramento.

Resultados de satisfacción en relación coa supervisión dos doutorandos e coas actividades formativas:

As enquisas de satisfacción do alumnado foron feitas a alumnos de primeiro e terceiro ano a partires do curso 2015/16 ata o curso actual. Por desgracia, tanto no curso 2018/19 como no 2019/20 perdéronse os resultados desglosados para cada programa de doutoramento debido a un erro técnico, o que fai imposible valorar, para o noso programa en particular, as melloras feitas a raíz do informe de seguimento. É por isto que de aquí en diante falaremos maioritariamente dos cursos 2015/16, 2016/17 e 2017/18 cando nos refiramos ás enquisas do alumnado. Neste senso, as enquisas reflicten en xeral unha baixada da valoración no curso 2016/17 que foi remontada no curso 2017/18, obtendo na maioría dos apartados mellor nota que en cursos anteriores. No que respecta en particular á supervisión dos doutorandos e a calidade e desenvolvemento das actividades formativas, tanto os alumnos de 1º como os de 3º amosan unha grande satisfacción co profesorado, directores/as e titores/as dos programas con notas de 4,00; 4,5 e 4,25 sobre 5,0, respectivamente, para os alumnos de 3º ano (preguntas 18, 19 e 20), e notas moi altas de 4,5; 5,0 e 5,0 para os de 1º ano (preguntas 12, 13 e 14) no último curso avaliado. No que respecta ao documento de actividades formativas, dicir que a nota mellorou no último curso avaliado, tanto para os alumnos de 1º como de 3º no bloque 3 'Oferta formativa' con notas de 4,0 e 4,25 respectivamente, e con notas na pregunta 9 para alumnos de 1º (Documentos actividades formativas) e 14 para alumnos de 3º (Documentos actividades formativas) por riba de 3,0 e 3,5, respectivamente, aínda que o feito de non dispor de enquisas despois da actualización dalgunhas das actividades tras o informe de seguimento do ano 2018, fai que a valoración sexa menos válida, se ben as enquisas internas que se fixeron reflicten unha mellora na satisfacción do alumnado coas actividades formativas desenvolvidas.

Por outro lado, se ben a enquisa realizada ao profesorado no tramo dos cursos 2013/18 amosaba un certo desacordo dos profesores do PD co seguimento do alumnado (con cifras próximas a 3,5 sobre 5) e especialmente coas actividades formativas (con cifras próximas a 3,3 sobre 5), a reformulación plantexada no plan de mellora en canto ao aumento de información na páxina web <http://phdetusia.webs.uvigo.es/> (acción de mellora dos criterios 2.1/6.1) e a proposta de novas actividades formativas, ou a reformulación das existentes (acción de mellora do criterio 6.1) deron os seus froitos véndose incrementada a valoración dos profesores nestes dous apartados ata 4,0 e 3,9 respectivamente no último período avaliado 2018/20. Con isto damos por pechadas estas accións de mellora sen menoscabo de actualizalas de xeito regular cando se requira aportar nova información na web.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvolvéronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Colaboración con outras institucións (convenios de colaboración, actividades e resultados):

O programa está unicamente participado pola Universidade de Vigo, polo que non procede considerar procedementos de coordinación con outras universidades. Nembargantes, si participan distintos centros, tanto da universidade (Fundamentalmente a Facultade de Ciencias de Ourense na que o programa ten a sede e a Facultade de Bioloxía de Vigo na cal traballan un bo número de directores) como na Misión Biolóxica de Galicia. Sen embargo, non é preciso artellar mecanismos específicos máis aló de que temos organizadas

catro actividades centralizadas para os doutorandos, e as seguen sen importar en que centro está o laboratorio onde desenvolven a parte experimental da súa tese.

O convenio coa Misión Biolóxica de Galicia-CSIC ten sido renovado hai uns meses e funciona á perfección, tanto dende o punto de vista da dirección de teses de alto valor científico por parte de investigadores da MBG-CISC (seis ata o momento), como pola implicación de investigadores profesores do programa nas actividades formativas organizadas para os doutorandos do mesmo.

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No informe final de avaliación da solicitude de verificación de título oficial fixéronse algunhas recomendacións por parte da ACSUG motivadas polas observacións feitas pola universidade fronte do informe provisional de avaliación. Entre elas atopábase a recomendación de informar ao estudante, con anterioridade ao período oficial de admisión, sobre os complementos formativos que debe cursar no seu caso; considerar as actividades formativas como obrigatorias; publicitar o programa de doutoramento nos Organismos Públicos de Investigación (OPIs); e informar ao estudante, con anterioridade ao período de admisión, sobre a planificación e organización das actividades formativas previstas para estudantes con adicación a tempo parcial. Seguindo estas recomendacións, a meirande parte das accións formativas do programa teñen carácter obrigatorio, e aquelas que son optativas (principalmente as que implican un gasto extra por parte do alumno para a realización de estadias) son potenciadas a través de bolsas de mobilidade propias. Así mesmo, aínda que xa se fixera fincapé en informar aos estudantes sobre as actividades formativas a realizar, as enquisas reflectiron un problema neste senso, polo que se plantexaron no plan de mellora do informe de seguimento accións orientadas a favorecer a comunicación cos estudantes e a transmisión de información sobre as actividades formativas que teñen que levar a cabo. As accións de mellora encamiñadas a unha maior transmisión da información ao alumnado repercutiron nunha clara mellora das enquisas realizadas que reflecten a mellora sufrida polo programa de doutoramento no que respecta a dita transmisión e o seu aproveitamento polo alumnado matriculado.

Por outra banda, realizouse unha reconversión das liñas de investigación relacionadas co informe de seguimento, no senso apuntado naquel momento. Isto fixo que se pasara de 12 liñas na memoria orixinal ás 6 liñas actuais que abranguen a diversidade investigadora de todo o profesorado do programa.

Recomendacións de mellora do informe de verificación (síntese do estado de situación):

1. "Se debe informar al estudiante, con anterioridad al periodo oficial de admisión, sobre los complementos formativos que debe cursar en su caso". *Existen mecanismos no Programa de Doutoramento para informar ao alumnado con anterioridade ao período oficial de admisión sobre os complementos formativos que ten que realizar, se ben a CAPD aínda non os considerou necesarios para os alumnos e alumnas matriculados dada a súa formación e experiencia.*
2. "Se recomienda publicitar el programa de doctorado en los Organismos Públicos de Investigación (OPIs)". *O programa é publicitado nos OPIs e, especialmente no CSIC, a través do convenio de colaboración coa Misión Biolóxica de Galicia (MBG-CSIC). Comentar tamén que na páxina web da Facultade de Ciencias, na que non figuraba anteriormente publicitado o Programa de Doutoramento ETUSIA, aparece agora información sobre o mesmo: <http://fcou.uvigo.es/gl/idi/programas-de-doutoramento/>*
3. "Se recomienda considerar las actividades formativas como obligatorias". *As actividades formativas do programa de doutoramento fixéronse con carácter obrigatorio para o alumnado matriculado no programa, agás as que requiren un gasto extra do alumnado como a realización de estadias no estranxeiro.*

4. "Se recomienda informar al estudiante, con anterioridad al periodo de admisión, sobre la planificación y organización de las actividades formativas previstas para estudiantes con dedicación a tiempo parcial." *Na páxina web do programa foi incluída a información sobre actividades formativas para estudantes a tempo parcial (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/programa/actividades-formativas/>). Así mesmo, nas charlas de iniciación infórmase tamén ao alumnado sobre deste punto.*
5. "Se recuerda que según la normativa vigente en las tres universidades del SUG los profesores o investigadores del programa de doctorado "Excepcionalmente, en casos xustificados de desenvolvemento ou participación en dúas liñas de investigación diferenciadas, poderase permitir a asignación deste profesor/a ou investigador/a en dous programas de doutoramento". Se debe asegurar el cumplimiento de la misma." *O profesorado incluído no programa de doutoramento ETUSIA está incluído unicamente no noso programa. De feito, deuse de baixa unha investigadora do CSIC incluída na memoria por figurar xa como persoal docente doutro programa de doutoramento.*

No curso 2017/18 presentouse informe de seguimento do programa ETUSIA para a súa avaliación externa pola ACSUG, obtendo un 'non conforme' na avaliación. Presentadas as alegacións, que incluían entre outras todas as cuestións relacionadas co Sistema de Garantía de Calidade (SGC) que non se tiveran incluído anteriormente, non se recibiu por parte da ACSUG resposta ás alegacións. Aínda así, considerando a mellora que poderían producir tódalas accións plantexadas, tanto por parte da CAPD de ETUSIA como por parte da ACSUG, puxéronse en marcha as accións de mellora plantexadas no autoinforme de seguimento, no informe de avaliación e nas alegacións presentadas. Pasamos a continuación a comentar as mesmas.

Recomendacións do informe de avaliación externa do seguimento, se procede (síntese do estado de situación):

1. "Recomendación 1.1. Tal ,y como se indica en el autoinforme de seguimiento es necesario abordar la necesidad de hacer un esfuerzo para incrementar el número de doctorandos en el programa fomentando programas de captación de estudiantes (acción de mejora criterio 1.2)." *No autoinforme de seguimento incluíuse como acción de mellora (criterio 1.2 do plan de mellora do autoinforme de avaliación) a maior publicidade do programa coa elaboración de folletos e cartéis informativos e a impartición de charlas que fixeran chegar a información do noso programa a máis estudantes cada ano. Fíxose ademais un novo logo para ETUSIA máis identificativo co programa e publicítáronse as liñas investigadoras do mesmo en distintas sociedades e organismos nacionais e estranxeiros. A maiores, co fin de fomentar programas de captación de estudantes, plantexamos unha nova acción de mellora titulada 'Charlas de estudantes ETUSIA para a captación de novo estudantado' consistente na organización de charlas impartidas por estudantes de Doutoramento pertencentes ao programa e dirixidas a estudantes de grao e máster. Proba do éxito desta publicidade é o incremento no número de pre-inscritos no programa que ronda agora o 80% das prazas ofertadas (14 de 18 no curso 2019/20; IPD2).*
2. "Recomendación 1.2. Habría que dar respuesta a aquellas actividades formativas que aportan gran valor para el estudiante, como es la asistencia a congresos con la presentación de comunicaciones. La propia financiación de los grupos de investigación del programa pueden dar respuesta en gran medida a esta actividad, pero en su defecto desde la CAPD se podrían diseñar pequeños eventos científicos en el propio centro que simulen a los realmente existentes y permitan presentar y defender los resultados de las investigaciones." *Dentro do programa de Doutoramento ETUSIA xa se contempla a importancia da asistencia a congresos do alumnado, polo que se ofertan bolsas de mobilidade dentro do programa co obxectivo de fomentar a asistencia aos mesmos. Ademais, realízase tódolos anos un evento científico que simula os congresos internacionais, e onde o estudantado do programa ten a opción de presentar, fronte aos seus compañeiros e o profesorado do programa, o seu plan de investigación e os resultados acadados. Este pequeno congreso, auspiciado pola European Allelopathy Society (EAS), xa vai pola súa sexta edición e ten gran acollida entre o alumnado, saíndo do mesmo un libro de actas que se entrega*

ao alumnado como evidencia de telo realizado. No que se refire ás actividades formativas, dende a CAPD seguimos co noso compromiso de ofrecer máis información aos estudantes, tanto a través dunha charla de iniciación no programa como a través da páxina web (criterio 5.1/6.1 e criterio 5.2) e así se está a facer, o que claramente repercutiu na mellora da avaliación do alumnado a este respecto.

3. "Recomendación 1.3. En el autoinforme de seguimiento se propone la modificación del programa para fusionar y adaptar las líneas de investigación asociadas al mismo (acción de mejora 6.4). La propuesta de modificación se considera adecuada dada la demanda del programa, por lo que se recomienda un análisis sobre la distribución desigual del alumnado entre las líneas de investigación." *Detectada unha incoherencia entre as liñas de investigación aprobadas na memoria de verificación e as que figuraban na aplicación de xestión académica Xescampus (na que figuraban ata 38 liñas de investigación distintas) fíxose a corrección das mesmas para unificalas e que o alumnado tivera acceso durante a súa matriculación ás 12 liñas de investigación da memoria de verificación do programa. Por outro lado, conscientes da diversidade de liñas de investigación do programa e da evolución dos equipos de investigación que forman parte do mesmo, fíxose unha revisión das liñas fusionando as 12 existentes en tan só 6, que abranguen toda a diversidade investigadora dos docentes do programa ETUSIA (acción de mellora 6.4). Esta revisión non afectou á natureza do título, xa que as modificacións preservan no fundamental a temática das liñas. Dende a CAPD temos previsto a análise de alumnos matriculados por liña de investigación, se ben a recente fusión das mesmas fixo que se aplazara a devandita análise.*
4. "Recomendación 1.4. Potenciar que todas las líneas de investigación cuenten con la participación de doctorandos (acción de mejora 6.4)." *A revisión das liñas de investigación permitiu que a matrícula do estudantado se adecuara con máis facilidade ás liñas que desenvolve o profesorado do programa. Aínda así, incluíuse unha nova acción de mellora 'Reunións de análise da calidade do programa ETUSIA' na que se contemplaba que a comisión académica do programa de doutoramento revisara o número de estudantes matriculados en cada liña e analizara, xunto co profesorado involucrado naquelas liñas nas que non se matriculen estudantes, cal pode ser o problema e as posibles solucións ao mesmo. A día de hoxe, como se pode ver no documento IPD13, tódalas liñas de investigación do programa teñen algún estudante matriculado. Se ben a liña 1 (Ecofisioloxía vexetal, alelopatía e estudo da resposta ao estrés) medrou moitísimo, as outras liñas tamén teñen unha boa actividade.. Dada a recente reestruturación destas liñas, a CAPD acordou agardar un par de anos máis para facer a análise de liñas deficitarias. Paralelamente, a raíz das charlas plantexadas na acción de mellora 'Charlas de estudantes ETUSIA para a captación de alumnado' da presente alegación e na acción de mellora 'Captación de máis estudantes' do autoinforme de seguimiento faise especial énfase naquelas liñas de matrícula deficitaria. Ademáis, incluíuse na páxina web de ETUSIA unha pequena explicación de cada unha das liñas ofertadas e o profesorado implicado na mesma, co fin de que o estudante dispoña de máis información á hora de matricularse nalguna destas liñas (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/investigacion/linas-de-investigacion/>).*
5. "Recomendación 1.5. El perfil de ingreso del estudiante y los complementos formativos adecuados a dicho perfil serán objeto de especial revisión en el seguimiento del título. Se debe informar al estudiante, con anterioridad al periodo oficial de admisión, sobre los complementos formativos que debe cursar en su caso." *A CAPD de ETUSIA dispón dos mecanismos necesarios para avaliar a formación e experiencia dos estudantes pre-inscritos e para acordar complementos formativos necesarios para o correcto desenvolvemento da formación de doutoramento, xa que se incluíu no plan de mellora do informe de seguimiento unha nova acción dirixida a fixar o período de información ao estudantado, unha vez rematado o período de pre-inscrición e antes de iniciarse o período de matrícula, informando sobre a necesidade de realizar complementos formativos aprobados pola CAPD, co fin de favorecer a organización do estudantado.*

6. "Recomendación 2.1. Continuar trabajando en las acciones de mejora de la información pública sobre el Programa de Doctorado (información detallada sobre el profesorado, indicadores de calidad, etc.) (acciones de mejora criterio 2.1 y criterio 2.2.) con el objetivo de tener completa y actualizada dicha información." *Tal e como recomendou a comisión, e como se especificou nas accións de mellora recollidas no autoinforme de seguimento, estase a proporcionar máis información sobre o programa aos futuros estudantes así como ao estudantado xa matriculado en ETUSIA. De feito, na nova páxina web do programa xa se incluíu información detallada do profesorado cun enlace ao BIDI (plataforma de busca de investigadores da Universidade de Vigo), e a outras plataformas como Orcid ou Scopus (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/programa/profesorado/>), para todo o profesorado do mesmo e as liñas nas que se atopan incluídos/as, así como sobre os indicadores de calidade do programa (poden atoparse en 'resultados do programa' dentro da pestana de 'Calidade'). A información das actividades formativas tamén é periodicamente actualizada na páxina web para que o estudantado teña acceso ás mesmas, así como a información sobre teses lidas ou de próxima lectura (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/programa/teses-defendidas/>).*
7. "Recomendación 2.2. Revisar algunos enlaces en la página web propia del programa, ya que no funcionan (por ejemplo, el enlace al reglamento de estudios)." *A nova páxina web do programa (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/>) foi revisada para incluír as modificacións e melloras necesarias.*
8. "Recomendación 2.3. Publicitar el programa en Organismos Públicos de Investigación (OPIs). (Recomendación procedente del informe de verificación)". *No plan de mellora do autoinforme de seguimento incluíuse unha nova acción dirixida a publicitar o programa en Organismos Públicos de Investigación nacionais e estranxeiros. Seguindo o plantexado nesta acción de mellora, publícase o programa ETUSIA en centros de investigación nacionais (como o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia en Santiago de Compostela, a Estación Experimental de Aula Dei en Zaragoza, etc.) e estranxeiros (como o CONICET e o CONACYT, os equivalentes ao CSIC en Arxentina e México, respectivamente). A publicidade faise a través do envío de folletos informativos.*
9. "Recomendación 2.4. En futuros autoinformes se recomienda evitar coincidencias en la redacción con autoinformes de outros programas." *Parte da información incluída no informe é proporcionada de xeito centralizado pola Área de Calidade da Universidade de Vigo, de aí que se repitan algúns textos no autoinforme dos distintos programas. Dende a Comisión Académica do Programa de Doutoramento ETUSIA revisamos a súa redacción e a adaptamos ao noso programa de ser necesario.*
10. "Recomendación 2.5. Se recomienda informar al estudiante, con anterioridad al periodo de admisión, sobre la planificación y organización de las actividades formativas previstas para estudiantes con dedicación a tiempo parcial". *Tanto na páxina web do programa (no apartado de actividades formativas) como nas charlas de presentación do programa (acción de mellora 'Refuerzo de la información al estudantado de nueva incorporación' do autoinforme de seguimento), infórmase explicitamente das actividades que ten que realizar o alumnado a tempo parcial.*
11. "Recomendación 2.6. En la Web de la EIDO se puede consultar información sobre el SGC (política y objetivos de calidad, y manual). Una vez diseñado e implantado el Sistema de Garantía de Calidad (SGC) se debe publicar de manera accesible toda la información relacionada con el SGC (política y objetivos de calidad, manual y procedimientos, etc.)." *Tal e como se explica en detalle no Criterio 3 de este autoinforme 'Sistema de Garantía de Calidade', o desenvolvemento desta actividade cumpriu co previsto na acción de mellora detallada no informe de seguimento do PD.*
12. "Recomendación 3.1. Se debe agilizar el proceso de diseño e implantación del SGC, elaborando el manual de calidad y desarrollando los procedimientos asociados. Una vez implementado, el SGC debe aportar información relevante en relación con todos los aspectos/criterios vinculados al seguimiento y acreditación del programa, contribuyendo así a su mejora continua. Habida cuenta que la legislación vigente establece que el Programa de Doctorado tiene que tener implantado el SGC, se debe garantizar

este requisito en el momento de la renovación de la acreditación del programa.” *O desenvolvemento do SGC cumpriu cos prazos previstos na acción de mellora detallada no informe de seguimento do PD polo que xa está practicamente implantado.*

13. “Recomendación 3.2. Identificar claramente entre actividades propias (periódicas) del desarrollo del Programa de Doctorado (que ya estaban diseñadas en la memoria de verificación), de las propuestas de mejora. Estas últimas surgen del proceso de medición y análisis propio del seguimiento del programa. En este sentido, es especialmente importante la urgencia en el diseño e implantación de un SGC simple pero práctico para el programa, que constituye realmente la herramienta para la propuesta de mejoras.” *Mentres non se implantou por parte da Uvigo o Sistema de Garantía de Calidade, a CAPD ETUSIA fixo reunións periódicas dirixidas a avaliar a calidade da oferta formativa e investigadora do noso programa. A partir de agora xa será o SGC implantado pola UVigo o encargado de levar a cabo estas avaliacións, sen prexuízo de que a CAPD sega facendo análises periódicas da evolución do programa.*

14. “Recomendación 3.3: Continuar trabajando en las acciones del Plan de Mejoras:

Criterio 1.2.: ‘Captación de más estudiantes’; *a publicidade do programa fixo que o número de novos estudantes medrara ata alcanzar as cifras actuais en torno a un 80% de pre-inscritos (esta tendencia que se iniciou no curso 2019/20 foi incluso maior no curso actual 2020/21).*

Criterios 2.1/6.1: ‘Información actualizada en la web del programa’; *a web do programa foi actualizada con información máis completa para os estudantes e é revisada de xeito regular. Isto vese reflectido nas enquisas, onde a puntuación dos profesores no apartado ‘8- A información proporcionada pola páxina web do programa’ pasa de 3,6 no período 2013/2018 a 4,4 no período 2018/20. Así mesmo, a valoración do alumnado pasou dun 2,75 no curso 2016/17 na pregunta 6 ‘Información pública do PD’ a un 4,5 no curso 2017/18, o que reflicte o esforzo feito na actualización da páxina web.*

Criterio 2.2: ‘Información detallada sobre el profesorado’; *A web do programa inclúe agora nova información sobre as liñas de investigación nas que se inclúe o profesorado do programa co link aos seus dominios de orcid, Scopus, WOS, etc. <http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/programa/profesorado/>*

Criterio 4.4. ‘Mejora del acceso al estudiantado internacional’; *A páxina web da Universidade de Vigo segue sen estar en inglés no seu apartado de inscrición e matrícula. Dende a CAPD intentamos suplir esta deficiencia e axudamos aos estudantes estranxeiros que nolo piden a facer máis doados estes trámites. En todo caso xa está contemplado, dende a Uvigo, a tradución ao inglés de tódalas páxinas webs dos PD, o que agardamos se faga sen máis dilación.*

Criterio 5.2: ‘Refuerzo de la información al estudiantado de nueva incorporación’; *Tal e como se especificaba no plan de mellora, os estudantes reciben a meirande información básica sobre o programa nunha charla de iniciación impartida despois do primeiro (outubro) e do segundo (febreiro) prazo de matrícula. Proba do éxito destas charlas é que nas enquisas, a puntuación no apartado ‘1- A información proporcionada pola comisión académica do programa de doutoramento (CAPD)’ ao profesorado pasou de 3,7 no período 2013/2018 a 4,3 no período 2018/20, e no apartado ‘12- A información dos trámites relacionados coa tese de doutoramento’ pasou dun baixísimo 3,0 no período 2013/2018 a un 4,1 no período 2018/20.*

Criterio 5.2: ‘Simplificar los trámites de gestión para el alumnado’; *O alumnado pode agora realizar os seus trámites tanto no Campus de Vigo como de Ourense, pero especialmente tamén a través da sede virtual da Uvigo, o que fai moito máis doado calquera trámite relacionado coa tese. Esta é a razón de que a puntuación do alumnado nas enquisas no bloque dos procedementos administrativos subira a un 4,0 nos alumnos de 1º e a un 3,0 nos alumnos de 3º no último curso avaliado. Así mesmo, nas enquisas de profesorado, no apartado 13-A ‘xestión dos procesos administrativos relacionados coa dirección das teses’ pasou dunha nota tan baixa como 2,7 no período 2013/2018 a un 4,0 no período 2018/20.*

Criterio 6.1: 'Desarrollo de nuevas actividades formativas'; *A meirande parte das actividades formativas incluídas no plan de mellora foron desenvolvidas no programa de doutoramento nos últimos anos. En particular, o curso sobre a edición da tese de doutoramento e os puntos importantes que o estudantado debe coñecer para preparar a súa defensa, así como o curso de comportamento ético no desenrolo da actividade investigadora tiveron un grande éxito. Ademais, actualizouse o contido doutras materias para incluír conceptos de open access e de protección de datos de investigación. Tal vez isto inflúa tamén en que a puntuación do alumnado de 3º nas preguntas 27 (coñecementos) e 28 (oferta formativa) medrara ata un 3,75 e un 3,5 no último curso avaliado e as do profesorado no apartado '15 - A formación investigadora adquirida polo estudantado' medrara ata un 4,5 nas últimas enquisas realizadas (máis recentes que as do alumnado).*

Criterio 6.4: 'Refuerzo de la información al estudiante sobre las salidas profesionales del programa de doctorado'; *A páxina web do programa (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/informacion/saidas-profesionais/>), inclúe agora as saídas profesionais máis salientables do programa. Do mesmo xeito, na charla de iniciación infórmase tamén aos doutorandos das posibles saídas profesionais ás que poden acceder.*

Criterio 6.4: 'Revisión de las líneas de investigación'. *Como xa se comentou anteriormente, as liñas de investigación foron revisadas e fusionadas en 6 liñas que abranguen dun xeito máis acaído a diversidade investigadora de todos os docentes do programa.*

15. "Recomendación 3.4. El Plan de Mejoras del programa de doctorado debe recoger todas las acciones de mejora establecidas ante las recomendaciones de los diferentes informes derivados del proceso de verificación, modificación, seguimiento y renovación de la acreditación." *O desenvolvemento das accións de mellora derivadas dos procesos de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación están incluídas no presente autoinforme do PD. Inclúense ao remate deste documento as accións de mellora plantexadas a raíz deste informe de avaliación.*
16. "Recomendación 4.1. De las evidencias aportadas, así como del autoinforme de seguimiento, se pueden deducir cambios en el profesorado. Se recuerda que los cambios en el profesorado que no produzcan variaciones sustanciales en las líneas de investigación con las que fue verificado el Programa de Doctorado se informarán en los correspondientes autoinformes de seguimiento y se actualizarán en la memoria cuando se solicite una modificación/verificación. Si por el contrario dichos cambios afectan de forma significativa a alguna de las líneas de investigación del Programa de Doctorado, se deberá presentar una modificación por el procedimiento establecido en la legislación vigente." *Dado que os cambios efectuados no profesorado non supoñen variacións substanciais nas liñas de investigación coas que foi verificado o programa, os cambios no profesorado están a ser notificados no momento de revisión da acreditación e non dan lugar a unha nova verificación do mesmo. De feito, todo o profesorado novo incluído colabora con profesorado que xa estaba incluído no programa.*
17. "Recomendación 4.2. Potenciar que todas las líneas de investigación cuenten con participación de doctorandos, y promover la dirección de tesis, por tanto, entre todo el PDI." *Tal e como xa se comentou para a recomendación 1.4, a revisión das liñas de investigación permitiu que a matrícula do estudantado se adecuara con máis facilidade ás liñas que desenvolve o profesorado do programa. Ademais, a nova acción de mellora 'Reunións de análise da calidade do programa ETUSIA' na que se contempla que a comisión académica do programa de doutoramento revise o número de estudantes matriculados en cada liña e analice, xunto co profesorado involucrado, aquelas liñas nas que non se matriculen estudantes, dota dun mecanismo necesario á CAPD para detectar cal pode ser o problema e as posibles solucións ao mesmo. Por último, comentar que se incluiu na páxina web do programa unha breve descrición de cada liña para orientar ao estudantes na selección da mesma <http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/investigacion/linas-de-investigacion/>.*

18. "Recomendación 4.3. En futuros autoinformes, valorar la adecuación del personal de apoyo, y si es suficiente para las actividades del programa." *O apoio prestado dende a Área de Posgrao do Campus de Ourense así como dende a Secretaría e o Servizo de Calidade da EIDO é de importante axuda na xestión do programa ETUSIA e na elaboración do autoinforme. De feito, que nas enquisas do profesorado se puidera pasar dun 2,9 a un 4,3 no apartado '14 - A rapidez na resolución das incidencias e reclamacións' e que nas do alumnado se pasara a un 3,0 nos alumnos de 3º e a un 4,0 nos alumnos de 1º na pregunta relativa ao PAS do centro é grazas á doada comunicación co persoal de apoio ao programa e a súa disposición a solventar os problemas atopados no mesmo.*
19. "Recomendación 5.1. Analizar y valorar cómo están funcionando las actividades de orientación de los estudiantes del programa y realizar actividades de orientación específicas para los estudiantes de este Programa de Doctorado. Se recomienda que la CAPD tome un papel más activo en las acciones de orientación académica." *No autoinforme de seguimento incluíase unha acción de mellora dirixida á orientación profesional do estudantado do programa con charlas impartidas por expertos en distintas áreas. Estas charlas impártense para dar a coñecer ao alumnado as diferentes carreiras investigadoras e saídas profesionais ás que estes poden acceder. Paralelamente, na acción de mellora 'Reunións de análise da calidade do programa ETUSIA' dirixida a avaliar a calidade da oferta formativa e investigadora do noso programa, faise tamén a análise das actividades de orientación ao estudantado do programa.*
20. "Recomendación 5.2. En futuros autoinformes de seguimiento se recomienda valorar si se han producido variaciones en los recursos materiales respecto a la propuesta inicial indicada en la memoria de verificación del programa." *Os cambios producidos nos recursos materiais foron pouco relevantes e tan só representan unha mellora para o alumnado (maior cantidade de equipos, recursos bibliográficos e proxectos de investigación), polo que no seu momento non consideramos necesario ressaltalos no autoinforme de seguimento. En calquera caso, a CAPD ETUSIA valora no presente autoinforme o papel tan positivo que está a xogar o campus remoto desenvolvido pola UVigo para a xestión do programa de doutoramento e a titorización dos doutorandos.*
21. "Recomendación 6.1. Se recomienda que se implanten los procesos de recogida del grado de satisfacción de los diferentes grupos de interés (estudiantes, doctorandos, PDI y PAS) implicados en el programa. Se debe disponer de información objetiva sobre el grado de satisfacción de todos los grupos de interés por lo que es necesario desarrollar mecanismos para obtener dicha información y realizar su análisis posterior." *O desenvolvemento desta actividade segue co previsto na acción de mellora detallada no informe de seguimento do PD (proposta 'Enquisas de satisfacción para o profesorado'). Neste senso, os estudantes, tanto de 1º como de 3º ano, teñen enquisas anuais, o profesorado tenas de xeito bienal dende 2018, mentres que a do PAS a dos egresados está prevista para este mesmo ano (2021). Debido a un erro técnico fora do control dos coordinadores/as dos PD non hai enquisas individuais para os cursos 2018/19 e 2019/20, aínda que o erro xa está solventado e agardamos dispor de novo de enquisas pormenorizadas para cada PD a partires deste mesmo curso.*
22. "Recomendación 6.2. En cuanto sea posible, se recomienda aportar evidencias de la inserción laboral de la población doctorada del programa." *Os resultados de inserción laboral dos egresados foron incorporados no presente autoinforme de avaliación.*

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD1: Memoria vixente

EPD2: Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora

EPD3: Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso

EPD4: Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, de acordo coa planificación establecida

EPD5: Informe de avaliación anual da Comisión Académica (seguimento)/Documento de actividades de cada estudante, onde se indiquen as actividades realizadas por cada doutorando (acreditación)

EPD6: Informe de complementos de formación específicos

EPD7: No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes

EPD8: Convenios de colaboración en vigor

EPD9: Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)

EPD10: No seu caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais

Indicadores:

IPD1: Número de prazas ofertadas

IPD2: Demanda

IPD3: Número de estudantes matriculados/as de novo ingreso (indicar o número de estudantes que proceden de programas de doutoramento en extinción)

IPD4: Número total de estudantes matriculados (no caso dos programas interuniversitarios, desagregado por universidade participante)

IPD5: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades

IPD6: Porcentaxe de estudantes estranxeiros (de fóra de España) sobre o total de matriculados

IPD7: Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos

IPD8: Porcentaxe de estudantes matriculados segundo a dedicación (tempo completo, tempo parcial e mixto)

IPD9: Porcentaxe de estudantes que realizan estancias de investigación autorizadas como tales pola Comisión Académica (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD10: Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (diferenciar estudantes entrantes e saíntes)

IPD11: Porcentaxe de estudantes con bolsa ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta...)

IPD12: Porcentaxe de estudantes segundo perfil de ingreso

IPD13: Porcentaxe de estudantes segundo liña de investigación

IPD20 - Datos relativos á empregabilidade dos doutores

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade de Vigo publica información sobre todos os programas de doutoramento de xeito centralizado na dirección eido.uvigo.es, así como do resto das súas titulacións. Neste senso, no portal da Universidade actualízase diariamente a páxina de cada programa a partir dos datos do servidor académico, mostrando a información máis importante do programa, a memoria, as teses dirixidas, as liñas de investigación e os complementos formativos, entre outros datos. No Portal de Transparencia da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22>) publícase, así mesmo, información sobre o resultado alcanzado polos programas.

Particularmente, este Programa de Doutoramento conta cunha páxina web propia (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/>) que se mantén regularmente actualizada e na que se amosa toda a información relevante do programa de doutoramento, tanto para o alumnado xa matriculado, como para os posibles interesados en matricularse. Nela publícanse ademais as novidades e as actividades vencelladas ao programa.

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os grupos de interese teñen acceso á información relevante, a través da información que proporciona a Universidade fundamentalmente pola páxina WEB (eido.uvigo.es), na que se pode atopar acceso á matrícula, á información académica, ás bolsas, á calidade, ás teses depositadas e as aprobadas para a súa defensa, aos premios extraordinarios de doutoramento e aos formularios para presentar as teses, para homologacións, altas e baixas de profesores do programa, etc. Pero tamén a través da WEB propia do programa e a través do correo electrónico e o teléfono, os responsables do programa e o persoal administrativo de apoio dan información pormenorizada tanto o alumnado actual como aos posibles candidatos ao acceso ao programa.

A páxina web do programa de doutoramento é de libre acceso, e nela está compilada toda a información relativa ao acceso, actividades formativas, organización, recursos e vías de contacto do programa, tanto para o profesorado como para o alumnado. Para cada unha das actividades formativas desenvolvidas en ETUSIA especificase o contido da mesma e como se vai desenvolver e avaliar. Así mesmo, nos recursos especificanse tanto os recursos humanos como os materiais, se ben tras analizar as enquisas de satisfacción do alumnado, plantexouse como acción de mellora dar máis información sobre as liñas de investigación do profesorado implicado no programa para facer máis doada aos estudantes a elección do tema de tese e o contacto con cada un/unha dos/as profesores/as implicados/as en ETUSIA. Neste senso, incluíronse na páxina web do programa ETUSIA enlaces a Scopus, Orcid e outras plataformas de información da produción de investigación (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/ql/programa/profesorado/>). Así mesmo mudouse a web para que en cada liña de investigación figuren os profesores implicados na mesma cunha descrición informativa do contido de cada liña <http://phdetusia.webs.uvigo.es/ql/investigacion/linas-de-investigacion>. Con isto considérase

pechada (sen prexuízo de actualizacións) a acción de mellora do criterio 2.2. incluída no informe de seguimento.

Resultados de satisfacción en relación coa(s) web(s) e a información pública:

Tal e como se comentou no apartado 1.5, e como se especificou nas accións de mellora recollidas no autoinforme de seguimento, estase a proporcionar máis información sobre o programa aos futuros estudantes así como ao estudiantado xa matriculado en ETUSIA; información que é revisada de xeito regular. Isto vese reflectido nas enquisas, onde a puntuación dos profesores no apartado '8- A información proporcionada pola páxina web do programa' pasou dun 3,6 no período 2013/2018 a 4,4 no período 2018/20, e a dos estudantes na pregunta 6 'información pública do PD' fora de 4,5 para o alumnado de 1º e 3,5 para o de 3º no último curso avaliado, se ben é de agardar que dado que se fixeron novas actualizacións de información na web despois do último ano avaliado as futuras enquisas sexan aínda máis favorables.

Así mesmo, a información centralizada proporcionada pola EIDO mellorou considerablemente tras o redeseño da web da EIDO reflectíndose tamén nas enquisas con puntuacións nos apartados 9 'A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO)' e 12 'A información dos trámites relacionados coa tese de doutoramento' que pasaron de notas tan baixas como 3,14 e 3,00 no período 2013/2018 a 4,0 e 4,1 no período 2018/2019, respectivamente.

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa está organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón <https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>.

Esta organización é o resultado dun proceso de redeseño da web institucional da Universidade de Vigo en 2019, que inclúe tamén un novo redeseño para a web da Eido.

Os contidos relacionados coa calidade na Eido, na dita web, están en fase de execución, de xeito que se combina información centralizada con información específica na web do programa. A estrutura centralizada contén información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos aprobados.
- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).
- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).
- Información sobre outros programas de calidade relacionados coa Eido
- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>.

En relación con isto, a acción do Criterio 2.3 – Desenvolver a estrutura de calidade da web da Eido, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

A análise do criterio baséase en:**Evidencias:**

EPD11: Web da institución/programa

EPD12: Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendemento de contas (informes varios, plan operativo de información pública...)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.**

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do programa.
- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:Deseño e desenvolvemento do SGC:

O sistema de garantía de calidade do programa enmárcase dentro do SGC da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO). O deseño deste sistema é centralizado e institucional, e abrangue todos os programas de doutoramento oficiais da Universidade de Vigo.

O deseño do SGC comezou a finais do ano 2016, con reunións xunto coas outras dúas universidades do SUG (USC e UdC) co obxecto de trazar liñas xerais comúns sobre a identificación e a organización dos procesos de funcionamento do ciclo de doutoramento, considerando as directrices do programa Fides-Audit e seguindo as recomendacións da ACSUG. Na Universidade de Vigo constituíuse un grupo de traballo arredor da EIDO (dirección da EIDO, secretario académico da EIDO, Área de Calidade, xefe do Servizo de Estudos de Posgrao) que mantén reunións periódicas desde comezos de 2017 para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC.

Froito deste traballo, foi a constitución da Comisión de Calidade da EIDO o 27.04.2017 (véxase abaixo para máis detalles) e a documentación dos procesos ao longo de 2017 e 2018 (véxase ficha de mellora correspondente ao criterio 3).

Unha primeira versión do Manual de Calidade da EIDO (índice 00), que incluía a Política e os Obxectivos de Calidade, foi aprobada no Comité de Dirección da EIDO o 18.07.2017. Este Manual incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da EIDO, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),
- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da EIDO sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD-),
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco legislativo e normativo do SGC,

- O mapa de procesos do SGC
- A política e os obxectivos de calidade

A fase de deseño do SGC rematou a finais de 2018. A Comisión de Calidade da EIDO validou este deseño o día 14.12.2018 e o Comité de Dirección, máximo órgano de responsabilidade da EIDO, aprobouno na súa sesión do 17.12.2018. Elaborouse unha segunda versión do Manual (índice 01), que mantén a estrutura mencionada e incorpora axustes relacionados cos procesos do SGC e coa actualización das competencias dos órganos de goberno (por mor da incorporación dun novo equipo de goberno da universidade no ano 2018). A documentación completa do SGC (Manual de Calidade, procedementos e anexos) enviouse a ACSUG o día 20.12.2018 para ser avaliada.

O 30.07.2019 a ACSUG remitiu o Informe de certificación do deseño cun resultado FAVORABLE. Destácase que este resultado converte a EIDO na primeira escola de doutoramento do SUG en acadar este recoñecemento. Ademais, o informe resalta que non se detectan aspectos que deban ser obxecto dun plan de mellora, só recomendacións de mellora. En todo caso, a EIDO desenvolveu un plan de accións para axustar estas cuestións.

Finalmente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo ratificou este modelo coa súa aprobación na súa sesión do 27.02.2020.

En relación con isto, a acción do Criterio 3 – Desenvolver os procedementos do SGC da EIDO, do plan de mellora adxunto, considérase pechada.

Implantación do SGC:

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA) de xeito que o obxectivo é garantir a dispoñibilidade do SGC no momento da renovación da acreditación dos programas.

Aínda que o deseño do SGC se desenvolveu ata finais do 2018, moitas das actividades descritas nos procedementos do SGC xa están en funcionamento desde hai varios anos, conforme o RD 99/2011. O seguimento piloto do 2017 e o seguimento do 2018 demostran que se levan a cabo estas actividades, que están dispoñibles os rexistros e documentos asociados a elas e que se calculan e tratan os indicadores de resultados conforme a Guía de seguimento e acreditación da ACSUG.

Os resultados dos informes da ACSUG de avaliación da verificación dos programas e do seu seguimento permiten ir axustando e corrixindo o seu funcionamento, a través de plans de mellora, cara a súa renovación da acreditación e a satisfacción dos grupos de interese.

A implantación sistemática e efectiva deste SGC estaba programada para o curso 2019/20 e seguintes.

Porén, a pandemia provocada pola COVID-19 alterou as condicións de vida no conxunto da sociedade; 2020 volveuse un ano especialmente complexo e rodeado de incertezas que afectan, en particular, tamén á normalidade da vida universitaria e ao desenvolvemento de todas as súas actividades. A saúde e a seguridade priman agora neste novo escenario. Esta situación excepcional provocou unha reacción inmediata da EIDO, adaptando as súas actividades (depósito e defensa das teses en liña como modalidade preferente, atención presencial con cita previa, activación de salas virtuais para cursos e actividades formativas, extensión dos prazos para finalizar as teses, mobilidade en remoto...).

As metas definidas na política e obxectivos de calidade marcarán as liñas estratéxicas que dirixirán esta implantación, en coherencia co establecido nos procedementos.

En todo caso, a implantación programada incluírá retomar, en liñas xerais, actividades ligadas a:

- formación e sensibilización sobre calidade en doutoramento destinadas aos principais grupos de interese involucrados neste ciclo (directores e titores de teses, profesorado en xeral, persoal de administración e servizos de soporte), ademais do estudantado, e
- reunións de información, análise e mellora sobre os procesos de funcionamento, destinadas principalmente ás CAPD e ás áreas administrativas, coa participación doutros órganos ou entidades implicadas.

Estrutura documental do SGC:

A estrutura do SGC de doutoramento dá resposta a dous niveis de esixencia: os procesos institucionais e os procesos específicos dos programas de doutoramento:

-Procesos institucionais: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades teñen, sobre todo, un carácter marcadamente institucional, isto é, a súa xestión depende sobre todo dos órganos de goberno institucionais ou centralizados (Consello de Goberno, vicerreitorías, servizos e unidades centralizados...).

O seu deseño lévase a cabo (segundo as datas indicadas na ficha de mellora), a partir da experiencia e dos procesos certificados no modelo Fides-Audit para as facultades e escolas (titulacións de grao e mestrado) e coas adaptacións oportunas adaptadas ao ciclo de doutoramento.

-Procesos específicos dos PD: son aqueles cuxas responsabilidades, organización e actividades están máis asociadas ao ciclo de doutoramento e á súa relación coa innovación e a investigación.

O mapa definitivo dos procesos do SGC da EIDO (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos:

Procesos institucionais (15 procesos):

Son os seguintes (coas denominacións definitivas):

- DE-01 Estratexia e DE-02 Revisión do SGC (procesos de dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e aprobación dos programas; XP-02 Seguimento, mellora e acreditación dos programas e XP-03 Suspensión e extinción dos programas (procesos de Xestión dos programas)
- FI-02 Xestión da mobilidade (procesos de formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión Académica)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

Procesos específicos (3 procesos):

- MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)

A documentación completa do SGC (Manual de Calidade coa Política e Obxectivos de Calidade, os procedementos e os anexos) pode atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

Comisión de Calidade da EIDO:

A Comisión de Calidade da EIDO constituíuse o día 27.04.2017 coa estrutura prevista no Manual de Calidade. Tamén se nomeou o coordinador de calidade da EIDO.

O 30 de outubro de 2019 creouse o cargo de subdirector da EIDO, que asume tamén a coordinación de calidade.

A Comisión de Calidade é un órgano clave nos procesos de calidade da EIDO, e leva a cabo as funcións previstas no Manual de Calidade.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/eido-escola-internacional-doutoramento/calidade>

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de *Deseño e aprobación dos programas* e de *Seguimento, mellora e acreditación dos programas*) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

Este aspecto xa se está levando a cabo cada vez que se elabora unha nova memoria de verificación dun programa ou unha memoria verificada.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral... (procedementos do proceso de *Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns..*); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de *Seguimento, modificación e acreditación dos programas* e de *Revisión do sistema pola dirección*).

A Comisión de Calidade da Eido analiza e aproba as actividades de satisfacción de xeito cíclico.

Estes indicadores xa inclúen datos sobre os resultados de satisfacción dos grupos de interese:

-Estudantes, tanto de 1º como de 3º ano, obtidos a partir das enquisas dos cursos 2015/16, 2016/17, 2017/18, 2018/19 e 2019/20

-Profesorado, de xeito bienal, a partir da enquisa de 2018 (cursos 2012/13 a 2017/2018) e 2020 (cursos 2018/19 e 2019/20)

- PAS: prevista para 2021

- Egresados: prevista para 2021

A ficha de mellora correspondente ao criterio 3 (e tamén co criterio 6), relacionada coa recollida de opinión dos grupos de interese da Eido detalla o desenvolvemento deste aspecto.

Como se comentou, no seguimento dos programas de 2017, e logo tamén no do 2018, así como na renovación da acreditación das convocatorias 2018/19 e 2019/20, xa se elaboraron os correspondentes informes coa información e os resultados (evidencias e indicadores) que permiten tomar as decisións e mellorar a xestión do programa de doutoramento. Esta análise e toma de accións de mellora realízase ao nivel institucional (dirección da Eido, Comisión de Calidade da Eido...) e ao nivel do programa (CAPD).

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública dos resultados dos programas de doutoramento xa se pode atopar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo desde o curso piloto 2017, con acceso a partir do vínculo

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento conta con mecanismos e procedementos que permiten analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de *Revisión do SGC*). Esta revisión, dirixida pola dirección da Eido, conta cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección realizarase, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación.

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC desenvólvese de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento,
- os membros do comité de dirección, que é o órgano Colexiado de representación e de decisión da Eido,
- os responsables de calidade dos programas de doutoramento.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de *Control dos documentos*.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias (véxase procedemento de *Control dos rexistros*) que manifestarán os resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD13: Informes de avaliación do deseño do SGC

EPD14: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)

EPD15: Actas das reunións celebradas, nos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)

EPD16: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensino e avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de información pública)

EPD17: Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC

EPD18: Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O persoal docente e investigador (PDI) e de apoio é suficiente e idóneo, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A totalidade do PDI que participa no programa de doutoramento cumpre cos requisitos para seren directores de teses de doutoramento. De feito, o nivel de esixencia establecido pola Comisión Académica do programa ETUSIA é superior ós mínimos establecidos na normativa xeral, debéndose cumprir simultaneamente tres dos cinco requisitos mínimos para dirixir unha tese de doutoramento. Así, establécese que poderá ser Director de tese no programa ETUSIA calquera doutor/a español/a ou estranxeiro/a, con experiencia investigadora acreditada, que cumpra alomenos tres dos seguintes requisitos:

- Ter recoñecido, alomenos, un sexenio de actividade investigadora.
- Ter sido, nos últimos 6 anos, IP dun proxecto de investigación financiado mediante convocatoria pública
- Acreditar a autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, de alomenos 3 publicacións en revistas incluídas no Journal Citation Reports.
- Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.
- Ter dirixido unha tese de doutoramento nos últimos cinco anos coa cualificación de Sobresaliente Cum Laude ou Apto Cum Laude que dese lugar, alomenos, a unha publicación en revistas indexadas no ISI-JCR ou algunha contribución relevante no seu campo científico segundo os criterios da Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora (CNEAI).

Os/as investigadores/as incluídos/as no programa teñen ampla experiencia docente (no caso dos/as profesores/as universitarios/as) e investigadora (no caso de tódolos participantes no programa), cumprindo alomenos tres dos requisitos establecidos para a dirección de teses. Nos últimos anos fíxose unha excepción cos novos doutores establecendo que poderán dirixir teses aqueles que cumpran un dos requisitos, sempre que sexa en codirección cun profesor que cumpra os tres requisitos establecidos. Esta excepción permitiu incorporar no programa doutores novos que poden incrementar así a súa experiencia formativa.

No que respecta ao ratio de profesores por liña de investigación, dicir que tal e como se pode ver na evidencia EPD20 a presenza de profesores/as nas distintas liñas é bastante equilibrada, se ben varios dos docentes

que se incorporaron nos últimos meses pertencen á liña 4 polo que se agarda que a produción desta liña medre nos anos que veñen. Se vemos a distribución do profesorado na EPD20 pódese observar que hai 6 profesores/as na liña 1, 9 na liña 2, 6 na liña 3, 18 na liña 4, 7 na liña 5 e 9 na liña 6. Isto permite ao alumnado de ETUSIA poder seleccionar entre unha importante variedade de docentes á hora de buscar ao seu director ou directora da tese dentro dunha liña de investigación.

Por outro lado, desde o momento da verificación, o profesorado obtivo en moitos casos sexenios adicionais, e accedeu a novas fontes de financiamento. De feito, a media de sexenios do programa era de 1,94 no momento de presentar a memoria e subiu ata 2,84 na actualidade (3,2 se temos en conta os sexenios de transferencia), mentres que a porcentaxe de profesorado con sexenio vivo está por riba do 70% (IPD15). Ademais, o nivel das publicacións de cada un dos grupos de investigación ten subido desde 2014 ata a actualidade, amosando unha mellora nos resultados de investigación ó longo do tempo, tanto en número de contribucións como en impacto no campo científico correspondente. Proba disto é o elevado número de publicacións incluídas en SCOPUS asinadas por membros do grupo, con máis de 60 publicacións por ano dende 2014 e un número de máis de 30 publicacións no que levamos de ano, polo que semella que se vai incrementar o número de anos anteriores. Arredor do 60% destas contribucións atópanse nos cuartís Q1/Q2 do JCR, indicando o alto impacto das liñas de investigación desenvolvidas polos/as profesores/as e investigadores/as do programa, que ademais, a través de numerosas participacións en congresos nacionais e internacionais, tiveron a oportunidade de dar a coñecer as mesmas. Así mesmo, e a pesares da diminución xeral experimentada nas fontes de financiamento da investigación nos últimos anos, os membros do programa teñen participado e participan en numerosos proxectos de investigación financiados en convocatorias públicas competitivas de ámbito autonómico, nacional e internacional. De feito, e tal e como se pode observar na evidencia EDP21 (táboa 3), nos tres últimos anos do período avaliado atópanse activos un total de 90 proxectos de investigación, sendo 16 do ámbito internacional e 47 do ámbito estatal (varios deles de convocatorias estranxeiras). Ademais, dos 90 proxectos activos, 56 teñen como investigador principal (IP) a un membro do programa ETUSIA. O elevado acceso a financiamento por parte de profesores/as do programa é unha das claves da elevada produción científica e de transferencia obtida polos/as mesmos/as.

Así mesmo, a Universidade de Vigo mantén unha liña de axuda aos programas de innovación docente e unha serie de cursos de mellora da actividade docente abertos a tódolos profesores da institución, dos cales participaron activamente varios dos profesores do programa.

O profesorado do programa participa tamén en accións e programas de mobilidade, nalgúns casos con obxectivos docentes e, na case totalidade dos casos, en mobilidade internacional. Proba disto é que a presenza de expertos internacionais en tribunais de tese ten medrado de xeito importante nos últimos cursos (IPD17) e que preto dun 5% do profesorado é profesorado vinculado a institucións estranxeiras (IPD16).

O aspecto máis relevante é que a produtividade científica dos profesores participantes no programa, ademais de seren suficiente no senso de que a totalidade do profesorado cumpre os requisitos, podemos considerar que é de alto nivel considerando a produción científica, especialmente no que atinxe ás publicacións en revistas indexadas de alto impacto.

Comentar por último, que dúas das profesoras incluídas na memoria orixinal se deron de baixa, unha por xubilación e outra por traslado de campus. Así mesmo, unha das investigadoras do CSIC mudouse tamén de programa dándose de baixa en ETUSIA. Pola contra, 4 profesores que non figuraban na memoria orixinal figuran agora de alta no programa. Todos eles están incluídos nas liñas orixinais e forman parte dos equipos incluídos no programa. A entrada destes profesores no programa non modifica en absoluto nin a idea orixinal do programa, nin os equipos de investigación, nin a consecución das liñas de investigación plantexadas na memoria verificada.

4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma idónea, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número máximo inicialmente proposto para a matrícula de estudantes pode considerarse incluso baixo tendo en conta o nivel das investigacións desenvolvidas nos grupos e laboratorios implicados no programa. Xa se ten informado máis arriba de que o número real de doutorandos é baixo con respecto a estas capacidades amosadas polos investigadores (aínda que nos últimos cursos conseguíuse subir a taxa de estudantes matriculados, estase a cubrir en torno ao 80% da inscrición ofertada cada ano, polo que claramente hai marxe de mellora en número de alumnos matriculados). En ningún caso, o número de estudantes matriculados en cada unha das liñas de investigación resulta excesivo. De feito, os resultados de lectura de teses doutorais (cada unha delas cun número elevado de resultados en forma de publicacións de impacto) aseguran que, efectivamente, os estudantes atopan todo o necesario para desenvolver o seu traballo, incluíndo a atención e dedicación dos seus directores.

Mecanismos de reparto entre docentes e liñas de investigación para realizar as direccións de teses:

A día de hoxe non existe un mecanismo para repartir os estudantes entre as distintas liñas de investigación, senón que se aposta por facer chamamentos internos para que o profesorado de liñas deficitarias inicien direccións de teses e por publicitar e fomentar as liñas deficitarias. A CAPD analizará e promoverá entre os profesores incluídos nesta liña a captación de máis alumnos de doutoramento. De tódolos xeitos, comentar que a entrada nos últimos meses dunha Starting Grant (Sara Varela) e un Ramón y Cajal (Guillermo Velo) no programa ETUSIA suporá un forte impulso para as liñas 3 (Ecoloxía evolutiva e de poboacións) e 4 (Conservación e xestión da biodiversidade), que son das que menos alumnado teñen. Así mesmo, a entrada en ETUSIA dun membro máis da Misión Biolóxica de Galicia/CSIC (Bernardo Ordás) potenciará tamén a dirección de teses noutra liña de baixa matrícula como é a liña 6 (mellora da produción vexetal).

Resultados de satisfacción en relación coa dirección e titorización das teses:

Das enquisas do alumnado dedúcese que o número de docentes é necesario e axeitado para a correcta supervisión e avaliación, tal e como se deduce do Bloque 3 "Recursos humanos" e do apartado 7 "Os sistemas de avaliación e seguimento dos/as doutorandos/as" que pasan de 3,75 e 3,5 na avaliación dos cursos 2013/2018 a 4,3 e 4,0, respectivamente, nas enquisas do ano 2018/20. Así mesmo, proba de que a formación investigadora proporcionada no programa de doutoramento é adecuada son os resultados das enquisas do profesorado no que se refire ao apartado 15 "A formación investigadora adquirida polo estudantado" e ao apartado 16 "En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento" con puntuacións de 4,5 e 4,4, respectivamente. Así mesmo, nas enquisas dos estudantes, tanto de 1º como de 3º obtivéronse moi boas notas nas preguntas relacionadas cos titores e directores da tese. En particular, nas preguntas 12 (titor) e 13 (dirección da tese) dos alumnos de 1º obtivéronse notas de 5,0 (a máxima nota posible), mentres que nas preguntas 18 (titor) e 19 (dirección da tese) dos alumnos de 3º obtivéronse notas de 4,25 e 4,5, respectivamente, no último curso avaliado, o que indica unha grande satisfacción dos estudantes co proceso de supervisión.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que os recoñecementos minguan cada ano, si está establecido un recoñecemento para a dirección de teses doutorais (*a posteriori* e durante tres anos) así como un sistema para o recoñecemento do resto de labores do programa, incluíndo ademais da titorización, a participación nas actividades formativas (seminario sobre ciencia, seminario multidisciplinar, obradoiro de escrita científica e congreso de xoves investigadores en ciencias agrarias) así como o traballo da coordinadora do programa e dos membros da CAPD, segundo a Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes do Profesorado (Consello de Goberno de 22 de xaneiro de 2020 modificada en Consello de Goberno de 27 de febreiro de 2020; <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/371?locale=es>). Na mesma, establécese que se recoñecen 10 horas de docencia por cada tese completa defendida nos 3 cursos anteriores. Polo tanto, ao longo de 3 anos, o recoñecemento total por unha dirección única é de 30 horas. Se é codirixida, ese recoñecemento hai que dividilo polo número de directores.

De tódolos xeitos, dende a CAPD consideramos que o número de horas asignado ao programa é insuficiente para o traballo desenvolvido no mesmo.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa mantén abertas liñas de mobilidade con varios laboratorios europeos, americanos e australianos, permitindo de xeito doado a mobilidade dos doutorandos e tamén do propio PDI. Asemade, o programa dota anualmente un número de bolsas de mobilidade igual ao número de doutorandos matriculados no primeiro ano para facilita-la mobilidade nacional e internacional. Habitualmente o número de doutorandos que solicitan estas bolsas é igual ou inferior ó número de bolsas dispostas para esta finalidade. Se ben das 18 teses lidas ata o día de hoxe no programa (16 no período avaliado), 10 obtiveron mención internacional (EPD23), esta segue a ser unha das apostas para os vindeiros anos, co obxectivo de chegar ao 100% de teses lidas con mención internacional, así como incrementar o número de teses dirixidas en co-tutela con investigadores internacionais, que a día de hoxe non chega ao 8% do total de teses dirixidas. Unha das actividades propostas no plan de mellora do autoinforme de seguimento, o curso de práctica do discurso oral en inglés en foros internacionais, ía precisamente orientado a facilitarlle ao estudiantado do programa a elaboración de teses internacionais e o desprazamento ao estranxeiro que repercutirá en maiores colaboracións nas direccións dos traballos realizados así como a posibilidade de co-dirixir teses de estudantes estranxeiros/as (IPD16). Aínda que esta actividade non se puido poñer en marcha, está previsto poñela en práctica nos vindeiros meses. Ademais, incluíuse na páxina web maior información sobre as bolsas de mobilidade propias ou alleas ás que o alumnado ten acceso co fin de facilitarlle o acceso ás mesmas (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/informacion/mobilidade/>). Por último, comentar que xa está previsto un orzamento, por parte da Universidade de Vigo, para a tradución ao inglés das páxinas web dos programas de doutoramento, incluíndo a de ETUSIA.

Nos vindeiros anos farase un esforzo por aumentar o número de estudantes estranxeiros matriculados no noso programa, que a día de hoxe é inferior ao 20% do total de estudantes matriculados (IPD6). Para iso manteremos aberta a actuación no plan de mellora do autoinforme de seguimento orientada a facilitarlle o proceso de matrícula ao estudiantado estranxeiro a través da páxina web da Uvigo.

Por último, resaltar o elevado número de profesores estranxeiros nos tribunais de defensa das teses de doutoramento do noso programa, que se viu altamente incrementado nos últimos anos.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características deste e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender o persoal docente e os estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As áreas e servizos de soporte institucionais do programa están constituídos principalmente pola Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) e polo Servizo de Posgrao, no caso do programa ETUSIA, o servizo de posgrao principalmente do Campus de Ourense. A día de hoxe, os procedementos administrativos relacionados coa dirección e defensa das teses de doutoramento están claramente establecidos e recollidos na normativa pertinente. Aínda que nos primeiros anos do programa o desenvolvemento destes servizos, de recente creación, fixo máis caóticos e complicados tódolos trámites administrativos, a súa implantación ten rematado por completo (incluíndo o establecemento do sistema de garantía de calidade, SGC) e isto vese reflectido nas enquisas e evidencias do programa. De feito, se vemos as enquisas realizadas ao profesorado (EPD18), pódese observar que se ben no primeiro bloque de avaliación, do curso 2012/13 ao curso 2017/18 as preguntas 12 "A información dos trámites relacionados coa tese de doutoramento" e 13 "A xestión dos procesos administrativos relacionados coa dirección das teses" obtiñan puntuacións de 3,00 e 2,76 sobre 5, respectivamente, no segundo bloque de avaliación, do curso 2018/19 ao 2019/20, cos servizos xa completamente establecidos e os Sistemas de Garantía de Calidade en marcha, as puntuacións nesas preguntas medraron ata 4,13 e 4,0 sobre 5,0, respectivamente. O apoio prestado dende a Área de Posgrao do Campus de Ourense así como dende a Secretaría e o Servizo de Calidade da EIDO é de importante axuda na xestión do programa ETUSIA e na elaboración do autoinforme. De feito, que nas enquisas do profesorado se puidera pasar dun 2,9 a un 4,3 no apartado '14 - A rapidez na resolución das incidencias e reclamacións' é grazas á doada comunicación co persoal de apoio ao programa e a súa disposición a resolver os problemas atopados no mesmo. Ao mesmo tempo, a institución está ofrecendo a todo o persoal implicado na xestión do programa de doutoramento cursos de formación específicos relacionados coas tarefas que teñen que desenvolver.

Pola contra, das enquisas do alumnado despréndese que aínda hai moito que traballar nos aspectos administrativos referentes aos trámites de defensa das teses, xa que nos tres cursos avaliados, os alumnos de 3º asignaron notas a este aspecto que estiveron sempre por debaixo de 2,0, o que indica a necesidade de proporcionar máis información e facer máis doados estes trámites ao alumnado que xa está a rematar a súa tese. Dende a CAPD de ETUSIA comprometémonos a facer chegar de xeito máis doado e inmediato a información sobre estes procedementos aos alumnos de doutorado. Contémplase así unha nova acción de mellora para facer un documento clarificador que se convirta nun compendio, doado de seguir, de tódolos pasos necesarios para a lectura da tese de doutoramento.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD19: Táboa 1: PDI do programa de doctorado.

EPD20: Táboa 2: Grupos de investigación

EPD21: Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo

Indicadores:

IPD14: Número de teses defendidas en réxime de codirección

IPD15: Porcentaxe de PDI con sexenios vivos ou outros indicadores da calidade da investigación equivalentes

IPD16: Porcentaxe de profesorado estranxeiro que dirixe tese sobre o profesorado total do programa

IPD17: Número de expertos internacionais que participan en comisións de seguimento e/ou nos tribunais de teses

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación co número de doutorandos de cada liña de investigación e coa natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos dispoñibles en ETUSIA son as aulas e laboratorios de docencia e investigación das facultades de Bioloxía e Ciencias do Mar no Campus de Vigo, de Forestais no Campus de Pontevedra e de Ciencias no Campus de Ourense, pertencentes á Universidade de Vigo. Así mesmo dispoñemos tamén de aulas e laboratorios na Misión Biolóxica de Galicia, en Pontevedra, pertencente ao CSIC. Estes recursos materiais, xunto co financiamento a través dos proxectos obtidos polo profesorado do programa (90 proxectos activos nos tres anos anteriores ao último ano avaliado, están dispoñibles para que o alumnado poda desenvolver adecuadamente a súa actividade investigadora. Os proxectos financiados están repartidos entre tódolos equipos incluídos no programa, con 4 proxectos activos no equipo 1, 11 no equipo 2, 30 no equipo 3, 5 no equipo 4, 8 no equipo 5, 11 no equipo 6, e 30 no equipo 7. Ademais, a plataforma dixital e a web do programa tamén dan soporte informativo e documental aos estudantes e profesores/as de ETUSIA, especialmente unha vez feitos os cambios plantexados no plan de mellora do autoinforme de seguimento e que fortaleceron o soporte web e a información. Tal e como se plantexaba na memoria, temos no programa alumnos/as financiados/as polas fontes de financiamento habituais de distintas administracións (FPI, FPU, Xunta de Galicia e Universidade de Vigo). Ademais, tanto o programa de doutoramento (cumprindo por parte da Universidade de Vigo os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa) como a Universidade de Vigo de xeito xeral, ofertan bolsas de viaxe para a asistencia a congresos, así como para estadias no estranxeiro por parte da Universidade de Vigo e o MECD, das que desfrutaron máis do 40% dos alumnos de ETUSIA cada ano. Isto se reflicte no carácter internacional do 60% das teses defendidas no programa no período avaliado. Inclúese, ademais, na páxina web de ETUSIA un listado (co nome da persoa de contacto e a súa dirección de mail) de laboratorios pertencentes a centros onde ata o de agora téñense

realizado estancias e que continúan dispostos a recibir estudantes do noso programa de doutoramento, e que, aínda que non é en absoluto unha lista pechada, pode axudar e orientar aos estudantes de ETUSIA sobre posibles centros onde poder realizar unha estancia doutoral ou posdoutoral. Isto facilita a obtención de cartas de recomendación e a planificación da estancia para o noso estudiantado (<http://phdetusia.webs.uvigo.es/gl/informacion/colaboracions-con-outros-centros/>).

Por outro lado, comentar que no referente aos recursos dos que se dispón no programa é de destacar o recente desenvolvemento do campus remoto por parte da Universidade de Vigo. O feito de dispor dunha plataforma virtual onde se ten acceso tanto a aulas virtuais como a despachos virtuais para cada un dos profesores do programa foi de gran axuda nestes tempos inmersos na pandemia e favorecerá a titorización dos estudantes no futuro, así como unha máis doada inclusión dos estudantes estranxeiros nas charlas de iniciación e nas actividades formativas do programa.

Resultados de satisfacción en relación coas infraestruturas e recursos materiais:

En xeral, o alumnado do programa de doutoramento ETUSIA ven de estar dacordo cos recursos materiais dispoñibles, tal e como se pode apreciar polas puntuacións obtidas no bloque 4 das enquisas dos alumnos de 1º e no bloque 5 das de 3º no último curso avaliado, con notas de 4,25 e 4,88, respectivamente. Así mesmo, os alumnos de 1º e 3º están satisfeitos cos medios materiais (4,0) e moi satisfeitos cos espazos de traballo (4,5), notas que se viron incrementadas ao longo do período avaliado.

Do mesmo xeito, o profesorado do programa está igualmente dacordo cos recursos existentes. Proba disto é a boa puntuación obtida no apartado 11 "A adecuación e a dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións" e no "Bloque 4 - Recursos materiais e servizos", xa que o esforzo feito nos últimos anos por poñer a disposición do alumnado tódolos recursos dispoñibles fixo que a valoración destes apartados pasara dun 3,79 e un 3,12 respectivamente, no período 2013/18, a un 4,2 e un 4,1 no período 2018/20.

5.2.- Os servizos de orientación académica responden ás necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Servizos de atención e orientación de carácter institucional:

A Universidade de Vigo, con carácter xeral, a través da EIDO (eido.uvigo.gal), do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/servizo-xestion-estudios-posgrao>) e a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (<https://www.uvigo.gal/es/perfil-estudiantes>), da Oficina de Relaciones internacionais ORI (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/oficina-relaciones-internacionales>) e a Unidade de Emprego e Emprendemento (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-emplego-emprendemento>) conta con diversos sistemas de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados, como:

- Wifi, correo e teledocencia
- Aloxamento e transporte

- Tarxeta universitaria
- Biblioteca
- Becas e axudas
- Mobilidade (ORI)
- Centro de Linguas
- Área de Normalización Lingüística
- Emprego e emprendemento
- Unidade de Igualdade
- Cultura
- Benestar, Saúde e Deporte
- Delegacións e asociacións de estudantes
- Voluntariado
- Atención á diversidade
- Gabinete Psico-Pedagógico
- Información xeral

A UVigo realiza xornadas de benvinda incluíndo unha completa axenda con información variada (ver https://tv.uvigo.es/video/5d795e7e1e19c060253b4399?track_id=5d7b83d11e19c06794694cb2).

A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo fixo no curso 2018/19 a primeira xornada presencial de acollida de estudantes de doutoramento, dispoñible na dirección <https://tv.uvigo.es/series/5ca1f0e68f4208961ec06285>. Por cuestións ligadas á pandemia Covid-19, non foi posible repetir esta xornada no 2019/20.

Os servizos de orientación académica e profesional están pensados para axudar ao estudante e orientalo en tódolos trámites que teña que realizar. Dentro da Universidade de Vigo, cóntase con diversos sistemas de apoio e orientación do estudantado unha vez matriculado:

1. Gabinete Psicopedagógico, que está a disposición do estudantado para orientar e asistir tanto en cuestións académicas como noutras de índole persoal. Entre as súas accións está asesorar ao estudantado na planificación e desenvolvemento da súa traxectoria académica e profesional, adecuar e optimizar as decisións académicas, proporcionar técnicas de estudo, de atención e concentración, de autoestima, de motivación, de afrontamento do estrés, de carácter práctico e encamiñados a completar os programas docentes.
2. Programa de Apoio á Integración do Alumnado con Necesidades Especiais (PIUNE) para favorecer a integración plena do estudantado na vida universitaria
3. Servizo de Información, Orientación e Promoción do Estudiante (S.I.O.P.E.) proporciona información, tanto a alumnos da Universidade de Vigo que xa remataron como aos que se están a incorporar, sobre a oferta educativa na Universidade de Vigo e outras universidades do Estado, as posibilidades de formación unha vez rematada a carreira, e as bolsas ou axudas convocadas por institucións externas á Universidade de Vigo, entre outros.
4. A Fundación Universidade de Vigo e a Área de Emprego xestionan as ofertas de emprego e as prácticas pre-profesionais en empresas e institucións públicas e privadas e proporcionan información e formación ao estudantado sobre as saídas profesionais.
5. Oficina de Relacións Internacionais (ORI), proporciona información sobre formación internacional, xestiona a mobilidade de estudantado e profesorado da Universidade de Vigo, etc.

O conxunto do estudantado de ETUSIA ten á súa disposición o acceso a estas axudas de orientación no ámbito académico, profesional e internacional, que pode axudalo a entender o funcionamento da institución e sacarlle o máximo partido aos seus recursos. Esta información inclúese na páxina web de ETUSIA cos enlaces aos distintos servizos co fin de facilitar o acceso aos mesmos.

Sen embargo, tras ter detectado nas enquisas de satisfacción no período 2015/18 problemas relacionados co acceso á información e a orientación profesional, especialmente entre o alumnado de primeiro ano, realizáronse actuacións orientadas a solventar esta problemática e se incluíron no plan de mellora do autoinforme de seguimento. Entre estas actuacións estiveron a implantación de charlas de acollida/iniciación para o alumnado de primeiro ano, a inclusión de información máis completa na páxina web do programa e a transmisión con maior asiduidade de información por parte da Comisión Académica ao profesorado do ETUSIA. En referencia aos trámites que os/as estudantes teñen que realizar, detectamos que o feito de que o máster estea matriculado no Campus de Ourense, a través do cal teñen que facerse tódolos trámites administrativos, xeraba ás veces conflitos que se podían solucionar cun maior apoio por parte desta Comisión Académica, o que plantexamos no Plan de Mellora do autoinforme de seguimento e que se solventou nos últimos cursos.

Resultados de satisfacción en relación cos servizos de atención e orientación:

As enquisas do alumnado reflicten unha mellora no acceso por parte dos estudantes de ETUSIA aos trámites daquelas cuestións relacionadas coa tese de doutoramento, aínda que a nota do alumnado de 3º (menor de 2,0) fai necesaria unha revisión destes trámites e da información proporcionada dende a CAPD ao alumnado que está a piques de rematar a súa tese (revisión incluída no plan de mellora xerado a raíz deste autoinforme), se ben as notas aquí discutidas son de hai 3 cursos. De tódolos xeitos, esta baixa nota é xeral nos distintos programas de doutoramento, cunha nota global no apartado 'trámites de defensa da tese' de 2,76 a nivel institucional, o que suxire que se debe facer un esforzo por parte da Universidade para facer máis doados estes trámites. O esforzo feito por parte da CAPD de ETUSIA para compensar con máis información estes problemas atopados por directores e alumnos reflíctese nunha enquisa máis recente, a do profesorado do programa, na que se pode observar no apartado 13 "A xestión dos procesos administrativos relacionados coa dirección das teses" un importante incremento na valoración, pasando dunha nota tan baixa como 2,76 no período 2013/18 a un 4,0 no 2018/20.

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD18 - Informe/documento donde se recoja el análisis de las encuestas de satisfacción (% participación, resultados y evolución...)

EPD22: Xustificación da suficiencia e a adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes, ao finalizar o proceso formativo, adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O elevado número de teses lidas no noso PD amosa a elevada capacidade formativa do programa ETUSIA. Das 18 teses lidas no programa ata o día de hoxe (o 90% coa máxima cualificación de Sobresaliente cum laude), 10 obtiveron mención internacional, e os datos obtidos nas mesmas foron publicados en revistas de alto impacto incluídas nos primeiros cuartís do JCR ou están sendo preparados para a súa publicación. Tal e como se reflicte na táboa 5 de contribucións científicas, no período avaliado publicáronse por parte de egresados/as do programa ETUSIA, 121 artigos en revistas do JCR, dos cales 68 artigos están incluídos no primeiro cuartil (Q1) (deles 27 están no primeiro decil da súa categoría, D1), 44 no segundo cuartil (Q2) e tan só 11 nos cuartís Q3 e Q4, ademais doutros artigos de menor impacto, capítulos de libro e comunicacións a congresos. Os directores das teses lidas neste período pertencen aos equipos 1, 2, 3, 5, e 7, o que da unha idea do equilibrado deste Programa de Doutoramento. As tarefas formativas desenvolvidas no programa de doutoramento foron seguidas de maneira exitosa pola totalidade dos/as alumnos/as do programa, contando con actividades adecuadas á evolución formativa dos distintos anos de tese que lles axudaron na planificación do seu traballo e na adquisición de coñecementos relacionados cos temas prioritarios do programa. Por outro lado, as bolsas de viaxe ofertadas no marco do programa favoreceron a transferencia dos resultados obtidos nas teses así como a formación do alumnado, asistindo a congresos de carácter internacional ou facendo estancias que lles axudaron na súa formación investigadora. Por todo isto, consideramos que a formación dos estudantes queda sobradamente demostrada en ETUSIA, e que a súa preparación é axeitada aos obxectivos de formación investigadora do programa para acadar o nivel 4 de MECES (título de Doutor/a). De feito, na pregunta relativa a se volverían a elixir este programa de doutoramento, os alumnos de 3º puxeron un 5,0 sobre 5,0 no informe do último curso avaliado e o profesorado puxo un 4,63 á pregunta 15, relativa á formación investigadora adquirida polo estudantado. Por outro lado, comentar que dado que un elevado número de egresados de ETUSIA adícase aínda á investigación, o número de artigos publicados relacionados coas teses segue en aumento.

Resultados de calidade das teses (cualificacións, mencións...):

Como xa se comentou, das 18 teses lidas no PD ETUSIA ata o día de hoxe (16 no período avaliado), o 90% obtiveron a máxima cualificación de sobresaliente *cum laude* e o 60% obtivo mención internacional. Ademais 3 dos alumnos egresados do noso programa obtiveron o premio extraordinario de doutoramento, acreditando a calidade das teses lidas no mesmo. Por outro lado, o número de censores internacionais nas teses incrementouse moitísimo nos últimos anos, asegurando a calidade internacional das mesmas.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:

- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de matrículas a tempo completo crece cada ano, chegando a ser os pre-inscritos cerca do 80% do total de matrículas no período avaliado (IPD2), o que reflicte a implicación dos/as estudantes do programa cos estudos de doutoramento. Proba disto é tamén o elevado número de teses lidas sen petición de prórroga, que foi de 15 sobre 16 ata o curso 2019/20. Pola contra faise necesario comentar que cada vez máis estudantes empezan o doutoramento a tempo completo e logo mudan a matrícula a tempo parcial, cando por non ter subvención para a realización da tese teñen que traballar de xeito paralelo aos estudos de doutoramento, o que fai que a matrícula mixta veña medrando nos últimos anos (IPD8). Por outro lado, se ben o número de novas matrículas tiña unha tendencia decrecente, o esforzo feito por potenciar a matrícula

de novos estudantes no noso programa para achegarnos e superar as previsións establecidas na memoria fixo que actualmente haxa un 80% de inscritos por ano (14 de 18 no curso 2019/20).

No que se refire ao perfil de acceso ao programa, case un 90% dos estudantes matriculados no último curso entraron porque demostraron ter título de grao e máster ou por ter 60 créditos ECTS que pertencen a unha titulación de máster (IPD12). Isto é así porque moitos dos estudantes que solicitan a súa incorporación ao programa veñen xa de estudos de grao co máster rematado. O número de mulleres no programa medrou nos últimos anos ata o punto de que das 5 teses lidas no curso 2019/20, 4 foron defendidas por mulleres e 1 por un home.

O número de teses lidas no período avaliado (IPD18.1), a meirande parte delas a tempo completo (IPD18.2), é axeitado co agardado no desenvolvemento do programa e co establecido na memoria do mesmo, non deixando de medrar e indicando unha boa consecución dos obxectivos plantexados (EPD23), aínda que aspiramos a melloralo nos vindeiros cursos, especialmente ao que se refire á petición de prórrogas, que se viu incrementada nos últimos anos (IPD18.5). Obtívose tamén unha porcentaxe de teses con cualificación cum laude superior ao 80% en case tódolos cursos avaliados e chegando en varios cursos ao 100% (IPD18.6) e un alto número tamén de teses con mención internacional (IPD18.7) e consecuentemente de teses defendidas en inglés (IPD18.3) que chega a ser maior que o número de teses defendidas en castelán. Nestes dous últimos cursos, especialmente, a petición de prórrogas medrou moitísimo (IPD18.5), o que pode estar relacionado tamén coa pandemia xerada pola covid-19, xa que aínda que se prolongou a matrícula das teses o mesmo tempo que durou o estado de alarma, a volta tras o estado de alarma foi moi lenta, pois non podía haber máis dunha ou dúas persoas por laboratorio e ademais moitos ensaios de campo tiveron que agardar ata o ano seguinte para ser repetidos, o que obrigou a varios alumnos a pedir unha nova prórroga.

No que respecta á produción científica dos estudantes egresados, na memoria do programa prevíase a publicación de alomenos dous artigos por tese defendida. A día de hoxe, das 18 teses lidas saíron xa 126 artigos no JCR, o que da unha media de 7 artigos de alto impacto por tese lida (EPD23). De feito, nos sete cursos avaliados publicáronse por estudantes do Programa ETUSIA máis artigos incluídos no primeiro cuartil do JCR (72) que nos outros tres cuartís xuntos (55 no Q2+Q3+Q4). Así mesmo, os estudantes tiveron a oportunidade de amosar os seus resultados en alomenos un congreso internacional, tal e como se establecía na memoria (EPD24). Destacar tamén que tódolos estudantes do programa obtiveron, nos anos matriculados, un informe de avaliación anual do director da teses e da Comisión Académica do Programa favorable con respecto ás actividades realizadas.

Aínda que atopamos os resultados dos indicadores moi positivos para o período avaliado, a súa análise será utilizada para dar máis soporte a liñas de investigación cunha produtividade máis reducida.

6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa

Aspectos a valorar:

- Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa está orientado a estudantes cunha capacidade investigadora básica, atraendo estudantes de máster e de licenciatura con formación en edafoloxía, fisioloxía vexetal, ecoloxía, mellora xenética, etc. Os indicadores amosan que a produtividade científica dos estudantes matriculados no programa ETUSIA atópase dentro das liñas de investigación do mesmo e que a calidade é incluso superior ao contemplado na memoria do programa. O ámbito científico no que se atopan, tanto os artigos publicados como as comunicacións a congresos, como os proxectos obtidos por estudantes e profesores do programa están relacionados cos ecosistemas terrestres, os usos sostibles e a relación dos organismos coas condicións ambientais nas que se atopan, que son as liñas principais deste programa de doutoramento.

6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.

Aspectos a valorar:

- Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Resultados xerais de satisfacción para cada un dos grupos de interese:

O Sistema de Garantía da Calidade (SGC) da EIDO conta con procesos que garanten a recollida de opinión e a avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese:

- Medición da satisfacción
- Xestión das queixas, suxestións e parabéns

Como resultado xeral da medición de satisfacción do Programa de Doutoramento ETUSIA, dicir que como se pode ver das enquisas do profesorado nos últimos cursos avaliados, a puntuación da pregunta 15 'A formación investigadora adquirida polo alumnado' e a pregunta 16 'En xeral estou satisfeito co PD' teñen un 4,5 e un 4,43 respectivamente (sobre 5,0), o que indica o grao de satisfacción dos docentes co PD. Así mesmo, no último curso avaliado (17/18) os alumnos de 1º outorgaron un 4,0 á pregunta 20 'Satisfacción xeral co PD' e os de 3º outorgaron a máxima puntuación 5,0 á pregunta 33 'Volvería a elixir este PD' (EPD18), o que da unha idea do grao de satisfacción do alumnado co PD, tanto do que empeza a súa tese como o que está a piques de rematala.

Medición da satisfacción

Podemos considerar que as actividades de medición de satisfacción comezaron, no ciclo de doutoramento, no ano 2016 coa posta en marcha da primeira enquisa a estudantes, na que se valorou o curso 2015/16.

Despois, a organización das actividades de medición da satisfacción tomou a forma de programa no que, de xeito cíclico, se programan e desenvolven as accións relacionadas con esta temática. A Comisión de Calidade da EIDO analiza e aproba estas actividades.

-Primeiro ciclo: 2017/18 a 2018/19

- o Consolidación da enquisa anual de estudantes de 1º e 3º ano (cursos 2016/17 e 2017/18)
- o 2018: Realización da primeira enquisa ao PDI (directores e titores de teses), tomando toda a poboación histórica desde 2013.
- o As análises de resultados e toma de accións de mellora realizáronse na Comisión de Calidade da EIDO en xullo de 2020.

-Segundo ciclo (actual): 2019/20 a 2021/22

- o 2020: realización da enquisa anual a estudantes de 1º e 3º ano (de forma extraordinaria cursos 2018/19 –retrasada pola pandemia– e 2019/20)
- o 2020: segunda enquisa ao PDI (directores e titores de teses), cos datos do período 2018/19 e 2019/20
- o Aprobación de novos cuestionarios (PAS) e fichas metodolóxicas. Previsión de realización: 2º T 2021
- o Egresados: previsión de realización da medición en 2021, a través do Consello Social
- o Os detalles desta programación poden atoparse na documentación da Comisión de Calidade da EIDO en xullo de 2020.

Síntese xeral dos resultados obtidos:

Estudantes:

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo, fila superior) e do programa ETUSIA (fila inferior)

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
52,76 %	44,13%	50,61%	47,32%	50,42%	42,57%	45,61%	45,38%	51,19%	50,37%
50,00%	42,86%	57,14%	71,43%	22,22%	80,00%	-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Os resultados de participación institucionais (fila superior) son moi elevados, con valores por riba do 50% para os estudantes de 1º ano e arredor do 45% para os de 3º ano, cunha certa tendencia á mellora. As actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas. Estes son os resultados verdadeiramente significativos para a análise da participación, posto que os desagregados por programa non poden ser considerados desde o mesmo punto de vista ao tratarse de poboacións moi pequenas. Aínda así, a gran maioría dos programas presentan valores de participación significativos (entre o 20-70%).

Os resultados de participación do programa ETUSIA (fila inferior) son moi diferentes aos do total da universidade, xa que mentres as cifras dos alumnos de 3º víronse incrementadas cada ano ata chegar a cifras tan altas como o 71% ou o 80%, as dos alumnos de 1º mantivéronse estables os dous primeiros cursos avaliados, en torno ao 50% e diminuíron moito no último ano avaliado, chegando a un 22%. Aínda que a información de que tiñan que cubrir as enquisas foi enviada por igual aos alumnos de 1º e 3º, semella que están máis concienciados na realización das enquisas os de 3º que os de 1º. Nembargantes, dado que non dispoñemos dos datos dos dous últimos cursos non podemos saber se isto foi un caso puntual ou temos que facer un reforzo informativo sobre as enquisas para ver se os alumnos de 1º se conciencian da súa importancia. Estaremos atentos aos resultados do curso actual para tomar unha decisión ao respecto.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo, fila superior) e do programa ETUSIA (fila inferior)

Curso 2015/2016		Curso 2016/2017		Curso 2017/2018		Curso 2018/2019		Curso 2019/2020	
1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano	1º ano	3º ano
3,83	3,49	3,33	3,49	4,04	3,76	3,95	3,85	4,15	3,89
3,99	3,24	2,56	3,07	4,40	3,55	-(*)	-(*)	-(*)	-(*)

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que tenden (e mesmo superan no último ano no caso dos alumnos de 1º) o nivel *satisfactorio* (4/5). Tamén, unha gran maioría dos programas dispoñen de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), e moitos deles superior a 4/5. Do mesmo xeito que no caso da participación, os resultados desagregados por programa deben tratarse con cautela, ao tratarse de poboacións moi pequenas. Nestes casos convén prestar máis atención ás tendencias cá os valores puntuais.

Os resultados de satisfacción do programa ETUSIA (fila inferior) teñen valores satisfactorios no primeiro e no último curso avaliado (especialmente para os alumnos de 1º), se ben no curso 2016/17 tanto os alumnos de 1º como os de 3º amosaron a súa insatisfacción co programa, chegando a estar incluso para os alumnos de 1º por debaixo do punto medio da valoración (2,56). Vistas as enquisas e os aspectos reclamados polos alumnos fíxose unha especial campaña de publicidade, información e seguimento do alumnado recuperando valores moito mellores no último ano avaliado (4,4 para os de 1º e 3,55 para os de 3º). É unha mágoa non dispoñer dos valores de satisfacción para os cursos 2018/19 e 2019/20 porque as accións de mellora resultado do informe de seguimento implantáronse no 2019, co cal non se pode facer unha análise da súa

repercusión en base aos datos de satisfacción. Agardamos os resultados do curso actual para poder analizar correctamente os resultados.

-(*) Como se comentou, en outubro de 2020 realizáronse ao mesmo tempo, de forma extraordinaria, as enquisas anuais a estudantes de 1º e 3º ano de 2019/20 e tamén do curso 2018/19, retrasada pola pandemia.

Un problema técnico na configuración da aplicación de enquisas (LimeSurvey) provocou que, aínda que o proceso de recollida de opinión se desenvolveu correctamente e se dispoñan dos datos agregados, sexa imposible dispor dos resultados de participación e de satisfacción desagregados por programa, así como tampouco por sexo. Trátase dunha cuestión puntual que, de xeito excepcional, afectou a dous cursos. En 2021, resolta a incidencia, disporase de novo de resultados desagregados e poderemos facer unha análise máis realista, tanto da participación coma da satisfacción do alumnado.

Profesorado (directores e titores de teses):

Resultados de participación agregados (Universidade de Vigo) e do programa ETUSIA (fila inferior)

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)
52,73%	52,59%
60,00%	34,62%

Resultados de participación institucionais (fila superior): a primeira enquisa do 2018 obtivo resultados moi elevados, de case un 53%. Esta participación tan significativa repetiuse no 2020, de novo case un 53% polo que, de novo, as actividades de promoción e de información institucionais respecto da participación considéranse efectivas.

Resultados de participación por programa (fila inferior): en 2018 non estaban dispoñibles os resultados desagregados, pois a poboación histórica de profesorado non estaba asociada a cada programa, aínda que se temos en conta o número total de profesores do programa participou nas enquisas arredor dun 60%, mentres que en 2020 a participación foi de arredor dun 35%.

Resultados de satisfacción agregados (Universidade de Vigo) e do programa

2018 (cursos 2012/13 a 2017/18)	2020 (cursos 2018/19 a 2019/20)
3,65	3,88
3,60	4,26

Escala de valores de 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)

Os resultados de satisfacción institucionais (fila superior) son positivos, con valores da escala que marcan unha tendencia cara o nivel *satisfactorio* (4/5). Aínda que en 2018 non se dispuña de datos desagregados, en 2020 constátase que unha gran maioría dos programas dispón de valores superiores ao punto medio da escala (3/5), con tendencia ao valor 4/5.

Os resultados de satisfacción do programa ETUSIA (fila inferior): amosan que na enquisa de 2018 os valores de satisfacción no profesorado son positivos con valores similares aos resultados de satisfacción institucional.

A progresión da valoración do profesorado do programa é moi positiva, xa que nas enquisas do 2020 obtívose un grado de satisfacción elevado con valores por riba de 4/5 (4,26). Isto pode ser resultado das accións de mellora implantadas no programa a raíz do informe de seguimento elaborado no ano 2018, accións que se implantaron en 2019 e que comezaron a dar os seus froitos no 2020.

Sistema de QSP

De xeito adicional e complementario ás actividades programadas de medición da satisfacción, o sistema de QSP implantouse no ciclo de doutoramento xa en 2015.

O sistema está operativo e consolidado, e representa tanto unha canle de entrada de información para a satisfacción como unha fonte de melloras. As principais fontes de entradas de QSP son a EIDO e o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao.

Aínda que os tempos de resposta medios (8 días) están dentro do previsto no Regulamento de QSP, a súa mellora orientase a mellorar esta prestación.

6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.

Aspectos a valorar:

- Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se incluíran na memoria verificada.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En liñas xerais, existen tres fontes de datos con orixe diferente e complementarias para analizar a inserción laboral:

- Os estudos de inserción laboral competencia da ACSUG, que aínda non están activados.
- As análises de situación canto a satisfacción e empregabilidade da Universidade de Vigo: a Eido coordina a recollida desta información co Observatorio de Egresados do Consello Social para empezar a dispor de datos cuantitativos previsiblemente no curso 2021/22.
- Os datos dispoñibles por cada CAPD.

En todo caso, na seguintes ligazóns da UVigo pode atoparse certa información canto a inserción laboral, aínda que pouco representativa para os PD do RD 99/2011:

- Portal de transparencia: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/6>
- Observatorio de egresados do Consello Social da Universidade de Vigo: <http://observatorio.egresados.webs.uvigo.es/>

Seguimento dos egresados e resultados de inserción laboral:

No que respecta ao seguimento dos egresados pola CAPD de ETUSIA, dicir que dos 18 doutores/as saídos/as do Programa de Doutoramento ETUSIA dende o curso 2013/14 ata a actualidade (16 no período avaliado), hai 12 que seguen vinculados á investigación, dos cales a metade atópanse realizando estadias posdoutorais no estranxeiro (República Checa, Reino Unido, EEUU, etc.), mentres que os outros 6 están vinculados e contratados no seo de grupos de investigación da Universidade de Vigo ou do CSIC. Dos 7 restantes, tan só carecemos da información laboral dun deles, estando os outros 6 contratados pola administración (Concello do Rosal, Centro da Carne...) ou por empresas privadas (Canalizaciones y Construcciones Salnés SL, Hain Lifescience Spain-Bruker España...). En definitiva, dos 17 doutores e doutoras dos que temos información, ningún deles está no paro e todos están a traballar en cuestións relacionadas coa formación adquirida no Programa de Doutoramento ETUSIA.

Relátase a continuación a actividade laboral de cada un deles:

- Persoal Técnico de Apoio (PTA) no Centro Tecnolóxico da Carne (Parque Tecnolóxico de Galicia, Ourense)
- Contratado técnico no grupo de Ecoloxía Animal (Universidade de Vigo)
- Contratado polo concurso Estímulo ao Emprego Científico Individual - CEECIND/03794/2017. Data inicio/final: 01/03/2019-28/02/2025 (6 anos). Lugar: CIIMAR/Faculdade de Ciéncias, Universidade do Porto, Portugal
- Posdoc na Universidade de Reading (Reino Unido) coa axuda posdoutoral da Xunta de Galicia, modalidade A
- Contratada posdoutoral no grupo de investigación BEV1 da Universidade de Vigo
- Especialista de vendas e aplicacións en Hain Lifescience Spain-Bruker Española
- Técnico en xestión de residuos municipais (mestre composteiro) no Concello do Rosal (Pontevedra)
- Postdoctoral Associate. Cornell University, 215 Tower Rd. Ithaca, Nueva York (EEUU)
- Investigadora doutora contratada no equipo de traballo do proxecto nacional "PID2019-111253RB-I00" da Universidade de Vigo
- Asesora de viñedo orgánico (contratación e manexo do persoal) en Santulán, Valle de Guadalupe (México)
- Titulada Superior cat. bióloga na Misión Biolóxica de Galicia (CSIC)
- Postdoctoral researcher no Institute of Botany of the Czech Academy of Sciences (Zámek 1, 252 43 Průhonice, República Checa)
- Postdoc no departamento de ecoloxía evolutiva animal, Universidade de Vigo
- Contratada no Departamento de I+D da empresa Canalizaciones y Construcciones Salnés SL
- Contratada posdoutoral Marie Curie (UE) con selo de excelencia
- Colaborador de investigación e desenvolvemento na Universidade de Vigo
- Contratado posdoutoral no grupo de investigación BEV1 da Universidade de Vigo

A análise do criterio baséase en:

Evidencias:

EPD23: Táboa 4: Teses doutorais dirixidas no programa no período avaliado

EDP24: Táboa 5: Contribucións científicas relevantes desde a implantación do programa

Indicadores:

IPD18: Evolución dos indicadores de resultados do programa desde a implantación do título:

- Número de teses defendidas
- Porcentaxe de teses realizadas a tempo completo, a tempo parcial e con dedicación mixta
- Número de teses presentadas en galego, castelán ou outro idioma
- Duración media dos estudos a tempo completo/tempo parcial
- Taxa de éxito:
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese sen pedir prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a primeira prórroga
 - Porcentaxe de doutorandos que defenden a súa tese tras pedir a segunda prórroga
- Porcentaxe de teses con cualificación de *cum laude*
- Porcentaxe de teses con mención internacional

IPD19: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

IPD20: Datos relativos á empregabilidade dos doutorandos:

- Porcentaxe de egresados que están traballando
- Porcentaxe de egresados que están traballando en función do nivel de doutor

- o Porcentaxe de doutorandos que conseguen axudas para contratos posdoutorais

2. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Normativa para a presentación e lectura de teses (aprobada polo Consello de Goberno na súa reunión do 20 de xuño de 2017)	Actualización da normativa para a presentación e lectura de teses de doutoramento no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.
Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo. (versión aprobada polo Comité de dirección do 17/12/2019 e o Consello de Goberno do 27/02/2020)	Actualización do regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo para adaptarse e por en coherencia coa aprobación do sistema de garantía de calidade en doutoramento, cos estándares europeos de investigación do programa HR <i>Excellence in Research</i> e con diversos aspectos que se poñen ao día.
Redistribución das liñas de investigación	Ao longo destes anos, fixéronse pequenas melloras no programa de doutoramento que foron aprobadas pola CAPD en primeiro lugar e a continuación pola EIDO, como a redistribución das liñas de investigación, pasando das 12 iniciais ás 6 actuais
Paso das actividades formativas de optativas a obrigatorias	Seguindo a recomendación da ACSUG pasáronse a obrigatorias todas as actividades formativas, excepto a de estadias no estranxeiro, dada a grande dependencia económica desta actividade
Aprobación de baixas e altas de profesores no programa	Aprobouse por parte da CAPD e da EIDO a baixa da profesora M. Flora Alonso Vega (por cambio de liña e grupo de investigación) e a alta dos profesores e investigadores Nuria Pedrol, Manuel Ángel Rey Fraile, Guillermo Velo Antón, Sara Varela González, Ana Novoa, Bernardo Ordás López e Salustiano Mato de la Iglesia por nova incorporación ou por ter acadado os requisitos mínimos esixibles no Programa ETUSIA.

4. PLAN DE MELLORAS

